



# **Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2022**

## **RELACIÓN PROVISIONAL DE RESPOSTAS EXAME ACCESO Á AVOGACÍA PARA O ANO 2022**

### **MODALIDADE EN LIÑA**

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte cuestionario recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, remarcando en formato vermello a resposta correcta.

## **A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGACÍA**

**1 - Durante o desenvolvemento do xuízo nun procedemento ordinario, Pedro, un dos avogados, formula unha cuestión incidental relativa á capacidade e representación do seu cliente por uns feitos ocorridos despois da audiencia previa. É o xuízo o momento procesual hábil para formular a dita cuestión incidental?**

- a) Non, dado que a formulación das cuestións incidentais unicamente é posible nos xuízos verbais.
- b) Non, pois no procedemento ordinario non se admite a formulación de ningunha cuestión incidental unha vez iniciado o xuízo.**
- c) Si, xa que ao tratarse a capacidade e representación dunha cuestión incidental de especial pronunciamento a súa resolución terá lugar en sentenza unha vez terminado o xuízo.
- d) Si, pero sempre que a cuestión se formule antes de expoñer oralmente as súas conclusións.

**2 – Isabel, avogada en exercicio, ante a falta de contestación de Joan ao requirimento fidedigno de pago por ela efectuado, interpuxo demanda contra el reclamando as cantidades que este debía ao seu cliente. Joan, durante o prazo para contestar a demanda, achantou totalmente coa pretensión da parte actora. Debe ser Joan condenado en custas?**

- a) Non, pois non procede condena en custas se o demandado achanta antes de contestar á demanda.
- b) Si, pois unicamente non procede imposición de custas nos supostos de desistencia da parte actora.
- c) Si, dado que se trata dun achantamento total.
- d) Si, pois houbo mala fe pola súa banda ao non contestar o requirimento fidedigno e xustificado de pago.**

**3 – Carmen, parte demandada, interpuxo recurso de apelación contra a sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Salamanca pola que se acolían totalmente as pretensións da parte actora. A Audiencia Provincial de Salamanca acolleu parcialmente o recurso interposto por Carmen. Procede a condena en custas dalgunha das partes en segunda instancia?**

- a) Ao ser un acollemento parcial dun recurso presentado por unha soa das partes, corresponde impoñer as custas causadas á súa instancia á parte que interpuxo o recurso.
- b) Non, xa que nos casos de acollemento total ou parcial dun recurso de apelación non se condenará nas custas a ningún dos litigantes.**
- c) Si, deberán ser impostas a ambas as partes as custas causadas á súa instancia e as comúns por metade.
- d) Deberán ser impostas á parte favorecida pola resolución estimatoria en primeira instancia que despois foi parcialmente revogada en segunda instancia.

**4 – Xoel decide interpoñer demanda contra Pepe, este non contesta á demanda no prazo concedido e é declarado en rebeldía. Non obstante, a pesar da viabilidade da súa pretensión, Xoel cambia de opinión e decide desistir do preito. Pode Xoel desistir cando xa transcorreu o prazo para contestar á demanda?**

- a) Non, pois só é posible desistir unilateralmente do xuízo antes de que o demandado sexa emprazado para contestar á demanda ou citado para o xuízo.
- b) Si, ao atoparse o demandado en rebeldía.
- c) Non, pois para desistir, a diferenza de para renunciar, é necesario o concurso da outra parte, a cal neste caso se atopa en rebeldía.
- d) Si, dado que a desistencia pode efectuarse en calquera momento.

**5 – Pablo, avogado en exercicio desde hai cinco anos, quere apuntarse á quenda de oficio do Colexio da Avogacía no que está inscrito e no que se atopa situado o seu despacho. Que requisitos xerais mínimos debe cumprir Pablo para poder prestar servizos como avogado de oficio?**

- a) Ter radicado o seu despacho, único ou principal, no ámbito do Colexio responsable do servizo, e estar inscrito neste. Acreditar máis de tres anos de exercicio efectivo da profesión. Ter superado os cursos ou probas de acceso aos servizos establecidos polas Xuntas de Goberno dos Colexios da Avogacía, salvo dispensa motivada outorgada polo Colexio.
- b) Ter radicado o seu despacho, único ou principal, no ámbito do Colexio responsable do servizo, e estar inscrito neste. Acreditar máis de seis anos de exercicio efectivo da profesión. Ter superado os cursos ou probas de acceso aos servizos establecidos polas Xuntas de Goberno dos Colexios da Avogacía.
- c) Acreditar máis de dous anos de exercicio efectivo da profesión. Ter superado os cursos ou probas de acceso aos servizos establecidos polas Xuntas de Goberno dos Colexios da Avogacía.
- d) Unicamente ter superado os cursos ou probas de acceso aos servizos establecidos polas Xuntas de Goberno dos Colexios da Avogacía.

**6 – Naira, funcionaria de profesión e con capacidade económica acreditada, foi vítima dun delito contra a súa liberdade sexual perpetrado pola súa exparella. Ten Naira dereito á asistencia xurídica gratuíta?**

- a) Non, pois a asistencia xurídica gratuíta só está reservada para aquelas persoas que acrediten insuficiencia de recursos para litigar.
- b) Non, porque as vítimas de violencia de xénero se atopan fóra da Lei de asistencia xurídica gratuíta ao ter un réxime especial para preitos previsto na súa normativa específica.
- c) Si, porque as vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta con independencia dos seus recursos para litigar.
- d) Si, porque as vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta, específica e exclusivamente nos casos de delitos contra a liberdade sexual, con independencia dos seus recursos para litigar.

**7 – Carme, avogada da parte á que lle foi recoñecido o dereito a custas, tras presentar solicitude de taxación, non está conforme coa taxación practicada polo letrado da Administración de Xustiza por non ter incluído gastos debidamente xustificadas e reclamados. Pode impugnar Carme a taxación?**

- a) Si, para iso deberá dirixir escrito ao letrado da Administración de Xustiza, que dará traslado á outra parte por tres días para que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión das partidas reclamadas. Se o letrado da Administración de Xustiza, mediante decreto, desacolle a impugnación, Carme poderá interpoñer os recursos previstos legalmente.

- b) Si, mediante a interposición directa de recurso contra a taxación.
- c) Non, dado que as taxacións só poden ser impugnadas por indebidas ou excesivas segundo establece o artigo 245 da Lei de axuízamento civil.
- d) Si, pero para iso deberá solicitar previamente informe ao Colexio da Avogacía sobre a viabilidade da súa impugnación.

**8 – Julia, quen é beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta, ten como avogado a Andrés nun preito relativo a unha herdanza. Non obstante, Andrés ten unha ampla carteira de clientes e, a pesar de estar apuntado á quenda de asistencia gratuíta, considera que xa non ten idade para levar ese tipo de preitos e pretende escusarse da súa designación. Pode Andrés escusarse da súa designación?**

- a) Si, en todo caso, sempre que concorra motivo persoal e xusto, que deberá ser apreciado polo Decano do Colexio da Avogacía.
- b) Si, sempre que, concorrendo motivo persoal e xusto, presente a un compañeiro disposto a substituílo nas súas funcións.
- c) **Non, só na orde penal poderán os avogados designados escusarse da defensa.**
- d) Non, os avogados designados para prestaren asistencia xurídica gratuíta non poden escusarse en ningunha das ordes xurisdicionais.

**9 – Segundo a Lei orgánica do Poder Xudicial, os xulgados de paz**

- a) Establécense en todos aqueles municipios nos que exista, polo menos, un xulgado de primeira instancia e instrución.
- b) Carecen actualmente de competencias porque estas foron absorbidas polos xulgados de primeira instancia.
- c) **Coñecen de asuntos civís e penais nos procesos que a lei determine.**
- d) Coñecen unicamente dos asuntos civís nos procesos que a lei determine.

**10 – Como se organiza territorialmente o Estado para os efectos xudiciais segundo a Lei orgánica do Poder Xudicial?**

- a) En partidos, provincias e comunidades autónomas.
- b) **En municipios, partidos, provincias e comunidades autónomas.**
- c) En municipios, demarcacións, partidos, provincias e comunidades autónomas.
- d) En demarcacións, partidos, provincias e comunidades autónomas.

**11 – Jorge superou o Máster de Acceso á Avogacía e o correspondente exame estatal de acceso á profesión da avogacía. Tras iso, decidiu poñer no seu despacho unha placa coa denominación de avogado. É correcta a súa actuación?**

- a) **Só se previamente se incorporou a un Colexio da Avogacía como exercente.**
- b) Non, pois a denominación de avogado/a corresponde, exclusivamente, a quen se atope incorporado a un Colexio da Avogacía, xa como exercente ou como non exercente.
- c) Si, pois a superación do máster e do exame de acceso á avogacía permiten utilizar a denominación de avogado/a malia non estar inscritos en ningún Colexio da Avogacía.
- d) Si, pois o Estatuto xeral da avogacía permítelle facer publicidade.

**12 – Manuel, avogado en exercicio, chegou a un acordo co celador do Hospital Xeral da súa cidade para que este lles facilite aos lesionados por accidente de tráfico e aos seus familiares no momento do seu ingreso hospitalario a tarxeta profesional daquel, todo iso coa finalidade de que os lesionados contraten os seus servizos. Como debe considerarse esta práctica?**

- a) Perfectamente válida xa que os profesionais da avogacía poden realizar libremente publicidade dos seus servizos.
- b) Ilegal só no caso de que o avogado oculte aos lesionados que foi el quen usou de intermediario ao celador para facerlles chegar a súa tarxeta.
- c) **Contraria ao que preceptúa o Estatuto xeral da avogacía.**
- d) Conforme coas normas sobre publicidade xa que as vítimas de accidentes e catástrofes teñen preferencia sobre o resto de prexudicados.

**13 – Ayoze, avogado en exercicio, ten dúbidas acerca do tipo de gravame que ten que aplicar nunha minuta que ten que xirar a un cliente con ocasión dun procedemento relativo a unha reclamación civil prestado este ano 2022. Indique a resposta correcta.**

- a) Tipo cero.
- b) **Tipo 21 %.**
- c) Tipo 10 %.
- d) Tipo 4 %.

**14 – Alejandro, avogado, ten multitude de desacordos co seu cliente e, a pesar de que a próxima semana terá lugar o esperado xuízo, decide renunciar á defensa procesual daquel. Pode Alejandro renunciar ao seu encargo nese momento procesual?**

- a) Non, pois a renuncia só pode manifestarse despois do xuízo para evitar a indefensión do cliente.
- b) Si, sempre que, comunicada ao xulgado coa debida antelación, o xuíz estime a dita renuncia pertinente e xustificada.
- c) **Si, sempre que o asunto non sexa urxente e non cause indefensión ao seu cliente.**
- d) Si, en todo caso.

**15 – Que sanción pode impoñer o Colexio da Avogacía aos profesionais da avogacía?**

- a) O apercibimento verbal.
- b) A reprensión privada.
- c) **O apercibimento escrito.**
- d) Inhabilitación especial para o exercicio da profesión da avogacía.

**16 – De acordo co Estatuto xeral da avogacía, é infracción leve ofender levemente o/a avogado/a da parte contraria?**

- a) Si, sempre que a ofensa sexa en público de forma oral.
- b) **Si, sempre que sexa en comunicación privada, oral ou escrita, e non transcendese a ofensa.**
- c) Si, xa se faga a ofensa en público ou en privado, en forma oral ou por escrito.

d) Non, ofender, aínda de forma leve, constitúe unha falta do respecto debido tipificada como infracción grave.

**17 – Como se estruturan, segundo a Lei orgánica do Poder Xudicial, as Audiencias Provinciais?**

a) En Seccións.

b) En Seccións, Salas e Pleno.

c) En Salas que se dividen en Seccións.

d) En Salas e Pleno.

**18 – Edurne, avogada de profesión, comparece como acusada nun xuízo pola presunta comisión dun delito de apropiación indebida, se ben exerce a súa defensa propia en colaboración con outro avogado. En que lugar deberá situarse Edurne na sala?**

a) Ocupará o sitio dos profesionais da avogacía usando a toga.

b) No banco dos acusados, aínda que podendo usar a toga de profesional da avogacía.

c) Ocupará o sitio dos profesionais da avogacía sen que sexa necesario o uso de toga.

d) No banco dos acusados, tendo prohibido expresamente o uso da súa toga.

**19 - Establece a Lei orgánica do Poder Xudicial que só para os efectos prexudiciais:**

a) Cada orde xurisdicional poderá coñecer de todos os asuntos que non lle estean atribuídos privativamente sempre que se trate de cuestións devolutivas.

b) A Lei orgánica do Poder Xudicial non fai mención ningunha ao réxime das cuestións prexudiciais.

c) Cada orde xurisdicional poderá coñecer de todos os asuntos que non lle estean atribuídos privativamente sempre que se trate de cuestións non devolutivas de carácter civil.

d) Cada orde xurisdicional poderá coñecer de asuntos que non lle estean atribuídos privativamente.

**20 – Sabela, avogada de profesión, deixou de prestar os seus servizos a Federico, quen debido á súa vella amizade autorizou expresamente a aquela para revelar as súas entrevistas amparadas baixo segredo profesional. Pode entón Sabela desvelar o contido das conversacións que tivo con Federico como cliente seu?**

a) Si, en todas as cuestións e persoas referidas nas conversacións por terllo autorizado expresamente o seu cliente.

b) Non, o deber de segredo profesional permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente, sen ningunha excepción.

c) Non, pois a única excepción no deber de segredo profesional consiste na obriga de prestar declaración en xuízo como testemuña, tanto se houbo autorización ou non por parte do seu cliente.

d) Si, pero só sobre aquilo que unicamente afecte ou se refira ao seu cliente, por telo autorizado este expresamente.

**21 – O exercicio por conta allea en réxime laboral dun profesional da avogacía:**

a) Constitúe, en todo caso, unha relación laboral de carácter especial expresamente catalogada no Estatuto dos traballadores.

**b) Poderá exercerse por conta allea como profesional da avogacía de empresa en réxime de relación laboral común.**

c) É unha práctica prohibida pois a pesar de que os profesionais da avogacía presten os seus servizos en despachos alleos sempre están dados de alta como autónomos ao ser unha profesión liberal.

d) É un réxime unicamente aplicable a aqueles despachos que contan con máis de dez profesionais da avogacía.

**22 – Joan Manuel, avogado de profesión, foi sancionado disciplinariamente polo Colexio da Avogacía ao que pertence pola comisión dunha infracción moi grave. Cando prescribe, con carácter xeral, a sanción imposta a Joan Manuel?**

**a) Aos tres anos, contados desde o día seguinte a aquel en que a sanción poida ser executada.**

b) Aos cinco anos, contados desde o día seguinte a aquel en que a sanción poida ser executada.

c) Aos tres anos, contados desde o día seguinte ao día en que se cometeu a infracción.

d) Aos tres anos, contados desde o día en que a sanción poida ser executada.

**23 – Iníciase un procedemento en España cuxo coñecemento corresponde aos tribunais españois conforme as normas vixentes e circunstancias concorrentes no momento de presentación da demanda. Non obstante, durante a súa tramitación, as normas iniciais foron modificadas. Deben os tribunais españois continuar coñecendo do litixio?**

a) Non, pois a alteración de normas e circunstancias determina o cambio do órgano competente para dirimir o litixio.

b) Si, en todo caso.

**c) Si, salvo que expresamente se determine o contrario.**

d) Non, pois soamente a alteración das circunstancias determina o cambio do órgano competente para dirimir o litixio.

**24 – Alexandre considera que foi vulnerado o seu dereito á tutela xudicial efectiva polo Tribunal que xulgaba a súa causa. Que prazo ten Alexandre para interpoñer recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?**

a) Nos dez días seguintes á notificación da resolución recaída no previo proceso xudicial.

**b) Nos trinta días seguintes á notificación da resolución recaída no previo proceso xudicial.**

c) Nos vinte días seguintes á notificación da resolución recaída no previo proceso xudicial.

d) Nos tres meses seguintes á notificación da resolución recaída no previo proceso xudicial.

**25 – Sete anos despois da notificación da resolución que puxo fin ao procedemento, Santiago cae na conta, ao revisar a documentación, de que padeceu efectiva indefensión nos seus dereitos e intereses lexítimos durante a tramitación daquel procedemento ao non respectarse as normas esenciais por parte do órgano xudicial. No momento actual, Santiago non pode xa interpoñer recurso ordinario nin extraordinario. Pode Santiago aínda suscitar incidente excepcional de nulidade das actuacións?**

a) Si, pois este incidente, ao ser excepcional, pode formularse en calquera momento desde que se tivo coñecemento do defecto causante da indefensión.

**b) Non, pois non procede solicitar a nulidade das actuacións despois de transcorridos cinco anos desde a notificación da resolución que adquiriu firmeza.**

- c) Non, pois o prazo para pedir a nulidade é de vinte días desde a notificación da resolución que adquiriu firmeza.
- d) Si, pois este incidente, ao ser excepcional, pode formularse dentro dos dez anos seguintes desde a notificación da resolución que adquiriu firmeza.

**26 – Chegado o momento final dun xuízo, o xuíz, ao considerarse suficientemente instruído da controversia, decide ditar sentenza en forma oral. Está facultado o xuíz para ditar sentenza de viva voz?**

- a) Si, en todo caso, sen prexuízo da súa ulterior redacción.
- b) Non, a posibilidade de ditar sentenza *in voce* está expresamente prohibida pola Lei orgánica do Poder Xudicial.
- c) Si, sempre que a lei o autorice.
- d) Unicamente poderá facelo se se trata dun xuízo civil ou penal.

**27 – Lola foi expropiada polo goberno da súa Comunidade Autónoma dun predio da súa propiedade por motivos de utilidade pública. Unha vez dirimida a cuestión polos tribunais, estes consideran que a dita expropiación é conforme a dereito rexeitando as pretensións de Lola. Debido a iso, esta acode en amparo ao Tribunal Constitucional por considerar vulnerado o seu dereito á tutela xudicial efectiva e á propiedade. Son susceptibles estes dereitos de amparo constitucional?**

- a) Soamente polo dereito previsto no artigo 24 da Constitución.
- b) Soamente polo dereito previsto no artigo 33 da Constitución.
- c) Si, en todo caso.
- d) Soamente polo dereito previsto no artigo 37 da Constitución.

**28 – Quima quere colexiarse como avogada; non obstante, na súa folla histórico-penal constan vixentes antecedentes penais derivados dunha condena por delito leve de lesións. Esta circunstancia é obstáculo para que Quima poida colexiarse?**

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si, en todo caso.
- c) Si, salvo dispensa expresa outorgada polo Colexio da Avogacía.
- d) Non, dado que os únicos antecedentes que impiden a colexiación son os derivados de delitos graves.

**29 – Miguel, avogado en exercicio, e membro, á súa vez, do Colexio de Mediadores, quere presentarse ás eleccións a decano do seu Colexio da Avogacía. Está permitido concorrer ás eleccións do Colexio da Avogacía sendo membro doutro colexio profesional?**

- a) Non, a membresía a outro colexio profesional é causa de inelixibilidade nas eleccións a decano.
- b) Si, sempre que non sexa membro dos órganos reitores do outro colexio profesional.
- c) Si, en todo caso.
- d) Si, en todo caso, sempre que comunique con antelación á presentación da súa candidatura a devandita circunstancia.

**30 – Soledad, avogada en exercicio, foi informada de que o seu cliente, Benito, foi detido pola presunta comisión dun delito leve de usurpación. Debido a iso e informada das ditas circunstancias, Soledad solicitou procedemento de *habeas corpus* para esixir a inmediata posta en liberdade do seu cliente. Está Soledad lexitimada para solicitar o *habeas corpus*?**

- a) Non, o avogado da persoa detida non está lexitimado para instar un procedemento de *habeas corpus*.
- b) Non, ao tratarse dun delito leve.
- c) Si, ao estar así previsto legalmente.
- d) Si, ao ser recoñecida a dita lexitimación xurisprudencialmente.

**31 – A localidade de Torre del Mar pertence ao municipio de Vélez-Málaga, municipio integramente incluído no partido xudicial de Vélez-Málaga. No Concello estase a propoñer a segregación de Torre del Mar para constituírse en municipio independente. De prosperar esta proposta, a que partido xudicial corresponderá Torre del Mar?**

- a) A segregación ou fusión de municipios é unha cuestión que non afecta á organización xudicial ao ser esta unha competencia asumida polas Comunidades Autónomas.
- b) Constituirá un novo partido xudicial se a parte segregada é superior en poboación á do partido xudicial de orixe.
- c) Continuará pertencendo ao mesmo partido xudicial.
- d) Integrarase no partido xudicial limítrofe que teña maior poboación de dereito.

**32 – Matías, avogado en exercicio, atópase en conversacións por correo electrónico con Patricia, tamén avogada en exercicio, coa finalidade de chegar a un acordo para poñer fin ao preito que existe entre os seus clientes. Non obstante, a pesar de que inicialmente o cliente de Patricia era favorable ao acordo, finalmente prefire celebrar o xuízo. Pode presentar Matías as conversacións mantidas con Patricia como proba ao xuízo?**

- a) Si, pero só como proba documental para os efectos de que o xuíz o valore conforme as normas da sa crítica.
- b) Non, con carácter xeral.
- c) Non, salvo que o seu cliente llo autorice expresamente.
- d) Si, ao ser unha proba do carácter espurio das pretensións da outra parte.

**33 – Rebeca, condenada como autora dun delito leve de ameazas polo Xulgado de Instrución nº 4 de Cartaxena, pretende recorrer a resolución desfavorable. Ante que xulgado terá que interpoñer o recurso de apelación?**

- a) Ante a Audiencia Provincial de Murcia.
- b) Ante os Xulgados do Penal de Cartaxena.
- c) As sentenzas por delito leve non son susceptibles de ser recorridas en apelación senón en reforma.
- d) Deberá ser recorrida en súplica ante o mesmo Xulgado de Instrución.

**34 – Unha vez tramitado un procedemento civil, Sofía, xuíza que coñece do litixio, chega ao convencemento de que para decidir o obxecto litixioso do proceso é necesario resolver sobre**

**unha cuestión que é, á súa vez, obxecto principal doutro proceso pendente ante outro Tribunal civil. Ante esta circunstancia, que pode facer Sofía?**

- a) Se o piden ambas as partes, acordar a suspensión das actuacións, unha vez que o proceso estea pendente só de sentenza, sempre que non sexa posible acumulación.
- b) Se o piden ambas as partes, acordar a suspensión das actuacións, no momento no que se achen, ata que finalice o outro proceso.
- c) Se o piden ambas as partes, acordar a suspensión das actuacións, no momento no que se achen, ata que finalice o outro proceso, sempre que non sexa posible a acumulación.**
- d) Decretar de oficio a suspensión do curso das actuacións, no estado en que se achen, ata que finalice o proceso, sempre que non sexa posible a acumulación.

**35 – Germán e Ángel solicitan o inicio dun expediente de xurisdición voluntaria para o deslinde dos seus predios lindeiros inscritos. O predio de Germán está valorado en 5.000 € e o de Ángel en 30.000 €. Necesitan Germán e Ángel estar asistidos de avogados para a tramitación deste expediente?**

- a) Non, en ningún caso.**
- b) Só Ángel, ao superar o seu predio o valor de 6.000 €.
- c) Si, ambos, ao ser un expediente conxunto e superior un dos predios aos 6.000 €.
- d) Si, ambos, ao ser un expediente conxunto e superior un dos predios aos 6.000 €, pero correspondendo o pago dos honorarios exclusivamente a Ángel.

**36 – Durante a tramitación dun convenio arbitral, Violeta, clienta de Marta, teme que se non se actúa a tempo as súas pretensións perdan virtualidade, polo que indica á súa avogada que solicite medida cautelar para asegurar a efectividade do decidido no laudo. Que órgano será competente para a adopción xudicial da devandita medida cautelar?**

- a) O árbitro encargado do procedemento arbitral.
- b) O tribunal do lugar onde as medidas deban producir a súa eficacia, en todo caso.
- c) O tribunal do lugar en que o laudo deba ser executado.**
- d) A Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma onde aquel se ditou.

**37 – Sonia, que é clienta de Yolanda, avogada en exercicio, pídlle a esta que, aproveitando que Antonio, persoa contra a que pretende iniciar un preito, carece de asistencia letrada, o convenza para que se achante ás pretensións de Sonia. Pode Yolanda dirixirse a Antonio neses termos?**

- a) Non, salvo que lle indique a Antonio que se dirixe a el como avogada de Sonia.
- b) Si, sempre que lle indique a Antonio que se dirixe a el como avogada de Sonia.
- c) Non, sen prexuízo de poder recomendarlle que designe profesional da avogacía.**
- d) Non, salvo que, elevada a cuestión ao Colexio da Avogacía, este a autorice para facelo atendendo á viabilidade da pretensión da súa clienta.

**38 – Vicente, avogado en exercicio, comparece ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de San Javier para exercer a defensa de Tomás, o seu cliente, investigado por tráfico de drogas e que se atopa en situación de prisión provisional. Alfonso, avogado da parte contraria en exercicio da acusación particular, comunica ao xulgado que debido a un accidente na estrada**

**poida que se atrase máis dunha hora, sen poder precisar exactamente canto tempo poderá tardar en chegar á declaración. Que debe facer Vicente ante esta circunstancia?**

- a) Pode optar entre darlle un tempo prudencial de espera ou esixir a inmediata celebración do acto ao estar xa constituído como acusación o Ministerio Fiscal.
- b) Está obrigado a esixir a inmediata celebración de vista, para os efectos de evitar dilacións para o seu cliente ao estar en situación de prisión provisional.
- c) Está obrigado a conceder a Alfonso un prazo prudencial de espera para a celebración da declaración se, de ser o caso, o xulgado o autoriza para evitar a indefensión do adversario.
- d) Está obrigado a conceder a Alfonso un prazo máximo dunha hora de espera para a celebración da declaración se, de ser o caso, o xulgado o autoriza para evitar a indefensión do adversario.

**39 - Tras ditarse sentenza na que se rexeita a acción de anulación dun laudo arbitral nun asunto sometido a arbitraje, Àngels, clienta de Cristóbal, avogado en exercicio, non está conforme, polo que indica a este que solicite a súa impugnación. De que prazo dispón Cristóbal para recorrer contra esta sentenza?**

- a) Non cabe recurso contra a sentenza que rexeita a acción de anulación do laudo arbitral.
- b) Dous meses contados desde a súa notificación ou, no caso de que se solicítase corrección, aclaración ou complemento, desde a notificación da resolución sobre esta solicitude, ou desde a expiración do prazo para adoptala.
- c) Dous meses contados desde a súa notificación, en todo caso.
- d) Tres meses contados desde a súa notificación ou, no caso de que se solicítase corrección, aclaración ou complemento, desde a notificación da resolución sobre esta solicitude, ou desde a expiración do prazo para adoptala.

**40 – O Xulgado do Mercantil nº 3 de Zaragoza decide formular cuestión prejudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Indique cal é o procedemento para seguir.**

- a) Deberá facelo de conformidade co procedemento previsto para a formulación dunha cuestión de inconstitucionalidade.
- b) De acordo coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, os órganos que coñezan asuntos en primeira instancia non están facultados para formular cuestión Nprejudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea senón ante o Tribunal Xeral da Unión Europea.
- c) Deberá facelo de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e, en todo caso, mediante auto, tras a audiencia das partes e do Ministerio Fiscal.
- d) Deberá facelo de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e, en todo caso, mediante auto, tras a audiencia das partes.

**41 – Alejandra, avogada en exercicio, actúa representando os intereses de importantes sociedades mercantís con facturacións superiores a vinte millóns de euros cada unha. Conta coas coberturas xerais do seguro de responsabilidade civil colectivo que o seu colexio profesional ofrece a todos os seus colexiados. O capital asegurado desa póliza por colexiado é de 250.000 €. Cal das seguintes respostas é correcta?**

- a) Alejandra é diligente ao confiar na cobertura que o seguro de responsabilidade civil profesional do seu colexio profesional lle brinda.

b) Non ten suficientemente cuberta a súa responsabilidade civil, ao non contar cunha cobertura adecuada dos riscos que a súa actividade profesional supón.

c) Ten suficientemente cuberta a súa responsabilidade civil dado que conta con seguro que ten como risco obxecto de cobertura a súa negligencia profesional.

d) Non ten suficientemente cuberta a súa responsabilidade civil, non sendo en ningún caso suficiente os seguros colectivos que moitos Colexios da Avogacía teñen concertados con diferentes entidades.

**42 – Martina encargou a Caridad, avogada en exercicio, a reclamación das lesións sufridas como consecuencia dun accidente de tráfico. Caridad presentou a súa demanda en prazo, cumprindo con todos os requisitos procesuais e realizando as alegacións fácticas e xurídicas pertinentes ao asunto. Non obstante, a demanda foi rexeitada tanto en primeira como en segunda instancia, por acolleren os tribunais dirimentes as alegacións da parte demandada. Martina non acepta estas decisións xudiciais. Considera que Caridad é responsable da falta de éxito da súa acción e considera exercitar unha acción de responsabilidade civil profesional contra ela. Cal das seguintes respostas é correcta?**

a) É viable a acción de responsabilidade civil contra Caridad, tendo en conta que se produciu un prexuízo para o seu cliente ao non ser acollida a súa demanda.

b) É viable a reclamación por responsabilidade civil á avogada, tendo dereito Martina a reclamar, pola perda de oportunidade, a cantidade que fora obxecto de demanda.

c) Non é viable, sempre que non se producise ningún incumprimento do deber profesional da avogada, ao ser a súa obriga unicamente de medios e non de resultados.

d) Non é viable, salvo que Caridad fose condenada en custas como consecuencia da desestimación.

**43 – En cal dos seguintes supostos non haberá que satisfacer a taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional?**

a) Cando solicite concurso necesario o debedor persoa xurídica constituído en sociedade limitada á que se lle recoñeceu o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

b) Para presentación de petición inicial do procedemento monitorio en reclamación de cantidade de 3.000 €.

c) Nos recursos contencioso-administrativos interpostos por unha Administración Pública cando se trate de litixios onde non gozaban de prerrogativas procesuais.

d) Cando se interpoña demanda de execución de laudos ditados polas Xuntas Arbitrais de Consumo.

**44 – Lucía vai exercer por conta allea nun despacho profesional e quere darse de alta na Mutualidade Xeral. É posible esta opción?**

a) Non, porque ao traballar por conta allea ten que darse de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

b) Si, como complemento ás prestacións que terá da Seguridade Social.

c) Non, salvo que opte por cotizar no Réxime Especial de Traballador Autónomo na súa modalidade de mutualista por conta allea.

d) Si, de forma obrigatoria, ben exerza por conta allea ou por conta propia.

**45 - Son titulares do dereito á tutela xudicial efectiva:**

- a) Os españois, os cidadáns da Unión Europea, as persoas xurídicas públicas e privadas.
- b) Os españois, os estranxeiros, as persoas xurídico-privadas e as persoas xurídico-públicas en todo caso.
- c) Os españois, os estranxeiros e as persoas xurídico-públicas.
- d) Os españois, os estranxeiros, as persoas xurídico-privadas e, en supostos excepcionais, as persoas xurídico-públicas.

**46 - Mateo, avogado de profesión, é requirido por Alberto para que exerza como o seu avogado nun procedemento penal. Non obstante, Mateo declina esta petición, ao non ser o dereito penal a súa especialidade, e recomenda no seu lugar a súa compañeira María Teresa, que si é especialista na materia. Pode Mateo esixir algún tipo de compensación a María Teresa por enviarlle un cliente?**

- a) Non, salvo que informase ao cliente da dita circunstancia.
- b) Non, pero si poderá aceptar a compensación que voluntariamente Teresa decida facerlle en gratitude.
- c) Si, pero só no caso de que o preito se resolvese en pronunciamento favorable para Alberto.
- d) Non de María Teresa, pero si de Alberto, a quen lle poderá esixir a cantidade que considere, quedando á decisión de Alberto atender a súa petición ou non.

**47 – Durante o desenvolvemento dun procedemento, Begoña, avogada en exercicio, recibiu unha serie de cantidades do seu cliente Ernesto para o pago de distintos gastos que se foron xerando durante a tramitación do preito e que están depositadas nunha conta especial designada para ese efecto. Unha vez finalizado o encargo profesional, pode Begoña detraer da conta cantidades en concepto de honorarios?**

- a) Si, pois os profesionais da Avogacía teñen dereito a unha contraprestación polos seus servizos, así como ao reintegro dos gastos ocasionados.
- b) Non, pois está expresamente prohibida a realización de calquera pago a cargo deste tipo de depósitos.
- c) Non, salvo autorización expresa e escrita de Ernesto.
- d) Non, salvo que Begoña llo anunciase a Ernesto na folla de encargo.

**48 – Guiomar, avogada en exercicio, intervén por conta de dúas persoas nun asunto no que entre elas hai un grave desacordo, existindo, por tanto, un significativo risco de conflito entre os intereses deses clientes. Pode Guiomar seguir intervindo no devandito asunto?**

- a) Non, ao impedilo expresamente o Estatuto xeral da avogacía.
- b) Si, como mediadora e na preparación e redacción de documentos de natureza contractual.
- c) Non, salvo informe favorable do Colexio da Avogacía.
- d) Si, mentres só subsista a circunstancia de risco, debendo cesar se finalmente se materializa o conflito.

**49 – Aitor, a quen lle foi designado Jonay como avogado pola quenda de oficio, decide designar un avogado particular, a pesar de que se lle recoñeceu o dereito á asistencia xurídica gratuíta. A designación de avogado particular impide beneficiarse do dereito á asistencia xurídica gratuíta?**

- a) Si, debéndose reembolsar todas aquelas prestacións que se obtiveron como consecuencia do recoñecemento do seu dereito a litigar gratuitamente.
- b) Si, pois a contratación de servizos dun avogado particular é un indicio de capacidade económica incompatible co recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- c) **Non, ao non implicar a perda das demais prestacións recoñecidas na concesión do dereito de asistencia xurídica gratuíta.**
- d) Non, mentres siga dispoñendo dos servizos de procurador de oficio que se lle recoñecera.

**50 - Meritxell, asistida por avogada da quenda de oficio, obtivo resolución favorable na primeira instancia dun procedemento civil no ano 2019. Non obstante, por diversos atrasos, a execución de sentenza non comezou ata o ano 2022. Ten obrigación a súa avogada de oficio de continuar asistindo a Meritxell malia o paso do tempo?**

- a) **Non, por transcorreren máis de dous anos desde o ditado da resolución xudicial e da realización de actuacións procesuais de execución.**
- b) Non, por transcorrer máis dun ano desde o ditado da resolución xudicial e da realización de actuacións procesuais de execución.
- c) Si, pois é obriga do avogado designado pola quenda de oficio desempeñar as súas funcións de forma real e efectiva ata a finalización do procedemento.
- d) Non, salvo que se tratase dun asunto penal.

## **Preguntas de reserva**

**1 – Unai, avogado en exercicio, ten dúbidas acerca dos conceptos que ten que incluír na base imponible á que ten que aplicar o tipo de gravame no Imposto Sobre o Valor Engadido (IVE) dunha operación que consistiu en asesorar un cliente na firma dun contrato cunha Administración pública. Sabe que esa base imponible está constituída polo importe total da contraprestación. Está a pensar facerlle un desconto ao seu cliente do 10 por 100 simultaneamente no momento en que a operación se realice e en función dela. Indique a resposta correcta.**

- a) Ningún dos descontos se inclúen na base imponible.
- b) Unicamente inclúense na base imponible os descontos practicados a cada cliente ao final de ano en función do volume total das operacións realizadas con el.
- c) **Unicamente inclúense na base imponible os descontos e bonificacións que se concedan previa e simultaneamente no momento en que a operación se realice e en función dela.**
- d) Inclúense na base imponible todo tipo de descontos sempre que non superen o 10 por 100 do importe da prestación.

**2 - Nuzet vai iniciar a súa actividade profesional de avogado como autónomo e non sabe se debe darse de alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE). Indique a resposta correcta.**

- a) Non ten que darse de alta no devandito imposto ata que leve cinco anos exercendo.
- b) Ten que darse de alta no devandito imposto se ten previsto prestar servizos a empresas, pero non a persoas físicas.
- c) Ten que darse de alta no devandito imposto, salvo que só se dedique a temas penais de oficio e ao asesoramento laboral.
- d) **Ten que darse de alta en todo caso.**

**3 – Margarita, avogada en exercicio, presta os seus servizos como autónoma dependente. Debe ter obrigatoriamente unha cobertura de previsión social a través dunha mutualidade constituída polo seu colexio profesional?**

- a) Non é obrigatorio, salvo que traballe por conta propia a tempo parcial.
- b) Si, é obrigatorio durante os cinco primeiros anos de exercicio profesional.
- c) **Non, é só opcional.**
- d) Si, é obrigatorio a partir dos cinco primeiros anos de exercicio profesional.

**4 – As Mutualidades de previsión social alternativa ao Réxime Especial de Autónomos (RETA) poden ofrecer aos mutualistas outras prestacións diferentes ás que ofrece o sistema público da Seguridade Social?**

- a) Teñen que ofrecer as mesmas prestacións que ofrece o sistema privado.
- b) **Teñen que ofrecer, ademais das mesmas prestacións que ofrece o sistema público, todo tipo de coberturas de xubilación, entre outras.**
- c) Teñen que ofrecer as mesmas prestacións que ofrece o sistema público, pero por un importe non inferior ao 50 % da contía mínima inicial que para a respectiva clase de pensión rexa no sistema da Seguridade Social.
- d) Poden ofrecer, ademais das mesmas prestacións que ofrece o sistema público, todo tipo de coberturas de aforro e seguro.

**5 – Diego, avogado en exercicio, quere reclamar a Félix, cliente seu, o pago dos honorarios devindicados no asunto no que o representou. Con todo, antes de poder reclamar, Diego falece. É necesario que os herdeiros de Diego veñan asistidos de avogado para requirir de pago no procedemento de xura de contas a Félix?**

- a) **Non, en ningún caso.**
- b) Si, a diferenza do propio Diego, que non necesitaba avogado ao ser el mesmo o profesional da avogacía afectado polo impago.
- c) Si, tanto de avogado como de procurador.
- d) Non, pois os herdeiros carecen de acción para poder reclamar a dita cantidade ao non ter Diego reclamado formalmente a Félix a cantidade debida antes do seu falecemento.

**6 – Unha sociedade profesional dedicada ao asesoramento xurídico sufriu unha violación de seguridade que afecta aos datos persoais dos seus clientes? Como debe proceder a sociedade ante esta violación?**

- a) Deberá notificar, en todo caso, a violación á autoridade de control competente en materia de protección de datos.
- b) **Deberá notificar a violación de seguridade á autoridade de control competente en materia de protección de datos se é probable que a dita violación constitúa un risco para os dereitos e liberdades dos afectados.**
- c) Deberá notificar a violación de seguridade ao seu delegado de protección de datos.
- d) O código deontolóxico da avogacía e o deber de segredo profesional exime da obriga de notificar a ningunha autoridade sobre este tipo de violacións de seguridade.

## A. MATERIAS ESPECÍFICAS

### ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

**1 - Para o cómputo dos anos da maioría de idade, como se computará o día do nacemento?**

- a) Incluirase o día do nacemento desde as 12.00 horas.
- b) Incluirase o día do nacemento desde as 18.00 horas.
- c) Incluirase o día do nacemento desde as 20.00 horas.
- d) **Incluirase completo o día do nacemento.**

**2 – Conforme a Lei de axuízamento civil, como se producirá a apreciación da falta de competencia internacional ou de xurisdición?**

- a) Só poderá denunciarse mediante declinatoria do demandado.
- b) Acordarase só de oficio.
- c) **Poderase acordar de oficio ou mediante declinatoria do demandado.**
- d) A apreciación da falta de competencia internacional ou de xurisdición non poderá acordarse de ningún xeito.

**3 - De quen depende o Rexistro Civil?**

- a) Das Cortes Xerais.
- b) Do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) **Do Ministerio de Xustiza.**
- d) Da Fiscalía Xeral do Estado.

**4 – En materia de execución ...**

- a) **A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do letrado da Administración de Xustiza que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso, en resolución arbitral ou en acordo de mediación caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos cinco anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.**
- b) A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do letrado da Administración de Xustiza que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso, en resolución arbitral ou en acordo de mediación caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos dous anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.
- c) A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do letrado da Administración de Xustiza que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso, en resolución arbitral ou en acordo de mediación caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos tres anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.
- d) A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do letrado da Administración de Xustiza que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso, en resolución arbitral ou en acordo de mediación caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos dez anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.

**5 – Brais e Uxía, que están casados, están pensando poñer conxuntamente unha demanda de divorcio de mutuo acordo. Que efecto se produce coa admisión da demanda de nulidade, separación ou divorcio?**

- a) Os cónxuxes poderán vivir separados e cesa a presunción de convivencia conxugal.
- b) Quedan revogados os consentimentos e poderes que calquera dos cónxuxes outorgase ao outro.
- c) Salvo pacto en contrario, cesa a posibilidade de vincular os bens privativos do outro cónxuxe no exercicio da potestade doméstica.

**d) Son verdadeiras todas as respostas desta pregunta.**

**6 – Martiño está pensando en interpoñer un proceso monitorio contra Xacobe, xa que este lle debe 5.000 €. Para a presentación da petición inicial do procedemento monitorio, requírese avogado ou procurador?**

- a) Só será preciso valerse de procurador.
- b) Só será preciso valerse de avogado.
- c) Será preciso valerse de procurador e avogado.

**d) Non será preciso valerse de procurador e avogado.**

**7 – No xuízo ordinario, Anna, letrada da Administración de Xustiza, despois de examinar a demanda, debe ditar un decreto polo que esta se admita e dar traslado dela ao demandado para que a conteste. En que prazo?**

- a) No prazo de dez días.
- b) No prazo de vinte días.**
- c) No prazo de trinta días.
- d) No prazo dun mes.

**8 – Á falta de acordo dos cónxuxes aprobado pola autoridade xudicial, o uso da vivenda familiar e dos obxectos de uso ordinario dela corresponderá ...**

- a) Aos fillos comúns maiores de idade e ao cónxuxe en cuxa compañía queden.
- b) Aos fillos comúns menores de idade e ao cónxuxe en cuxa compañía queden, ata que todos aqueles alcancen a maioría de idade.**
- c) Aos fillos comúns maiores de idade e ao convivente non casado en cuxa compañía queden.
- d) Aos fillos comúns menores de idade, ao convivente non casado en cuxa compañía queden e aos avós menores de setenta e cinco anos, ata que todos aqueles alcancen a maioría de idade ou ata que os avós cumbran noventa.

**9 - Ainhoa é a avogada dunha empresa, e está pensando en solicitar a declaración de concurso desta. Que recurso podería interpoñer Ainhoa contra o auto que inadmita ou rexeite a solicitude de declaración do concurso presentada polo debedor solicitante?**

- a) Recurso de reposición.**
- b) Recurso de apelación.
- c) Recurso de infracción procesual.
- d) Recurso de casación.

**10 – No xuízo verbal, admitida a demanda, en que prazo Xoán Xosé, letrado da Administración de Xustiza, dará traslado desta ao demandado para que a conteste por escrito?**

- a) No prazo de dez días.
- b) No prazo de vinte días.
- c) No prazo de trinta días.
- d) No prazo dun mes.

**11 – Conforme a normativa reguladora da defensa da competencia, que actuación constitúe unha conduta prohibida como explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional?**

- a) A negativa inustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.
- b) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou conforme os usos de comercio, non garden relación co obxecto dos devanditos contratos.
- c) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos.
- d) Son verdadeiras todas as respostas desta pregunta.

**12 – Amaya está pensando en contraer matrimonio coa súa parella Joana, no Concello da súa cidade. Desde cando produce efectos civís o matrimonio?**

- a) Desde a súa celebración.
- b) Desde a súa inscrición no Rexistro Civil Central.
- c) Desde a súa inscrición no Concello.
- d) Desde o seu outorgamento en documento privado entre as contraentes.

**13 – Kepa é un coñecido autor e está pensando en publicar unha obra. Conforme a normativa actual, cal é o ámbito de aplicación dos dereitos de autor en materia de propiedade intelectual?**

- a) Unha obra literaria, artística ou científica, polo só feito da súa creación.
- b) Unha obra política, artística ou científica e estrutural, polo só feito da súa creación.
- c) Unha obra política, literaria, artística e os boletíns oficiais, polo só feito da súa creación.
- d) Unha obra política, artística ou científica e estrutural, polo só feito da súa difusión.

**14 – Pep é maxistrado nun Xulgado de Valencia, e Pere é letrado da Administración de Xustiza nese mesmo xulgado. A quen lle corresponderá a declaración en rebeldía do demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento?**

- a) Ao xuíz ou maxistrado.
- b) Ao letrado da Administración de Xustiza.
- c) Á parte actora.
- d) Ao Ministerio Fiscal.

**15 – Helena, de catorce anos, está pensando en cambiar a orde dos seus apelidos para poñer o apelido materno antes que o paterno. Cando poderá solicitar que se altere a orde dos seus apelidos?**

- a) Ao alcanzar os 16 anos.
- b) Ao alcanzar a maioría de idade.
- c) Ao alcanzar os 21 anos.
- d) Ao alcanzar os 25 anos.

**16 - Polos concibidos e non nados comparecerán ...**

- a) As persoas que teñan atribuído o título de titor por documento privado.
- b) **As persoas que lexitimamente os representarían se xa tivesen nacido.**
- c) As persoas que sexan designadas polo Ministerio Fiscal, sen autorización xudicial.
- d) Son falsas todas as respostas desta pregunta.

**17 - Bikendi e Anuntxi están pensando en pedir unha hipoteca para adquirir un piso, pero teñen dúbidas sobre que conterà a inscrición da hipoteca. Na inscrición do dereito real de hipoteca, conforme a lei, que se expresará?**

- a) Unicamente, o importe de taxación efectuado por fedatario público con anterioridade ao outorgamento da débeda hipotecaria.
- b) O prazo estimado en que o prestatario deberá reintegrar o importe do crédito, sen prexuízo da súa prórroga unilateral polo debedor en documento privado.
- c) **O importe do principal da débeda e, se é o caso, o dos xuros pactados, ou o importe máximo da responsabilidade hipotecaria, identificando as obrigacións garantidas, calquera que sexa a natureza destas e a súa duración.**
- d) Unicamente, as custas que deberá aboar o acredor co importe da débeda.

**18 – Conforme a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil ...**

- a) O rexistro individual abrírase coa inscrición de nacemento ou co primeiro asento que se practique.
- b) No rexistro inscribíranse ou anotarán, continuada, sucesiva e cronoloxicamente, todos os feitos e actos que teñan acceso ao Rexistro Civil.
- c) Cada persoa terá un rexistro individual no que constarán os feitos e actos relativos á identidade, estado civil e demais circunstancias.
- d) **Son verdadeiras todas as respostas desta pregunta.**

**19 - A que dá dereito por accesión a propiedade dos bens?**

- a) A todo o que eles producen, ou se lles une ou incorpora, só de forma natural.
- b) A todo o que eles producen, ou se lles une ou incorpora, só artificialmente.
- c) **A todo o que eles producen, ou se lles une ou incorpora, natural ou artificialmente.**
- d) A propiedade non atribúe dereito ningún ao seu titular.

**20 – Anselm, maxistrado dun xulgado, ten que resolver se o seu xulgado é competente territorialmente para coñecer dun proceso civil que se presentou. Contra o auto que resolva sobre a competencia territorial, que recurso se poderá interpoñer?**

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de apelación.
- c) Recurso por infracción procesual.
- d) **Non se dará recurso ningún.**

**21 – Conforme o Código civil, que deberá constar en documento público?**

- a) A cesión, repudiación e renuncia dos dereitos hereditarios ou dos da sociedade conxugal.

b) O poder para contraer matrimonio, o xeral para preitos e os especiais que deban presentarse en xuízo; o poder para administrar bens, e calquera outro que teña por obxecto un acto redactado ou que deba redactarse en escritura pública, ou haxa de prexudicar a terceiro.

c) Os arrendamentos dos bens inmobles por seis ou máis anos, sempre que deban prexudicar a terceiro.

d) **Son verdadeiras todas as respostas desta pregunta.**

**22 - Teranse por abandonadas as instancias e recursos en toda clase de preitos se, malia o impulso de oficio das actuacións, non se produce ningunha actividade procesual ...**

a) No prazo dun ano, cando o preito se atope en primeira instancia; e de dous, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.

b) **No prazo de dous anos, cando o preito se atope en primeira instancia; e dun, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.**

c) No prazo de dous anos, cando o preito se atope en primeira instancia; e de catro, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.

d) No prazo de tres anos, cando o preito se atope en primeira instancia; e de cinco, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.

**23 - Cando nunha venda, legado, doazón ou outra disposición en que se faga referencia a cousas mobles ou inmobles se transmita a súa posesión ou propiedade con todo o que nelas se atope ...**

a) Entenderanse comprendidos na transmisión o metálico, valores, créditos e accións cuxos documentos se atopen na cousa transmitida, a non ser que conste claramente a vontade de estender a transmisión a tales valores e dereitos.

b) **Non se entenderán comprendidos na transmisión o metálico, valores, créditos e accións cuxos documentos se atopen na cousa transmitida, a non ser que conste claramente a vontade de estender a transmisión a tales valores e dereitos.**

c) Entenderanse comprendidos na transmisión só os bens inmobles cuxos documentos se atopen na cousa transmitida, sempre que o valor destes exceda de 15.000 €.

d) Entenderanse comprendidos na transmisión só os bens mobles cuxos documentos se atopen na cousa transmitida, sempre que o valor destes exceda de 3.000 €.

**Preguntas sobre dereitos civís forais**

**24 – En relación co Código civil, cal das seguintes afirmacións é certa?**

a) As disposicións do título IV do libro I do Código civil terán aplicación xeral e directa en toda España, con excepción das normas deste último relativas ao réxime económico matrimonial.

b) As disposicións do título preliminar do Código civil terán aplicación xeral e directa en toda España, en canto determinan os efectos das leis e as regras xerais para a súa aplicación.

c) Con pleno respecto aos dereitos especiais ou forais das provincias ou territorios en que están vixentes, rexerá o Código civil como dereito supletorio, en defecto daquel que o sexa en cada unha daquelas, segundo as súas normas especiais.

d) **Son verdadeiras todas as respostas desta pregunta.**

**25 - Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:**

**A - Dereito civil común:**

**25 - O réxime económico do matrimonio será...**

- a) Só o de separación de bens.
- b) Só o réxime de gananciais.
- c) O que os cónxuxes estipulen en capitulacións matrimoniais.
- d) Só o réxime de participación.

**B - Dereito civil Aragón:**

**25 - O réxime económico do matrimonio...**

- a) Será só o de separación de bens.
- b) Será só o réxime de gananciais.
- c) Ordenarase polas capitulacións que outorguen os cónxuxes.
- d) Será só o réxime de participación.

**C - Dereito civil Baleares:**

**25 - O réxime económico conxugal será...**

- a) Só o de separación de bens.
- b) Só o réxime de gananciais.
- c) O convido en capítulos, formalizados en escritura pública, antes ou durante o matrimonio e, á falta destes, o de separación de bens.
- d) Só o réxime de participación.

**D - Dereito civil Cataluña:**

**25 - O réxime económico matrimonial é...**

- a) Só o de separación de bens.
- b) Só o réxime de gananciais.
- c) O convido en capítulos.
- d) Só o réxime de participación.

**E - Dereito civil Galicia:**

**25 - O réxime económico matrimonial será...**

- a) Só o de separación de bens.
- b) Só o réxime de gananciais.
- c) O convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. Á falta de convenio ou por ineficacia deste, o réxime será a sociedade de gananciais.
- d) Só o réxime de participación.

**F - Dereito civil País Vasco (Biscaia):**

**25 - O réxime de bens no matrimonio será...**

- a) Só o de separación de bens.
- b) Só o réxime de gananciais.
- c) O que os cónxuxes establezan en capitulacións matrimoniais, ben estipulando expresamente as súas condicións ou ben facendo referencia a calquera sistema económico establecido.
- d) Só o réxime de participación.

**G - Dereito civil Navarra:**

**25 - Os cónxuxes poderán...**

- a) Establecer só o réxime de separación de bens.
- b) Establecer só o réxime de gananciais.
- c) Pactar libremente en capitulacións o réxime económico do seu matrimonio sen máis limitacións que as establecidas na lei.
- d) Establecer só o réxime de participación.

**Preguntas de reserva**

**1 - Os erros materiais manifestos e os aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais e letrados e letradas da Administración de Xustiza, en que prazo poderán ser rectificadas?**

- a) No prazo máximo de 2 días.
- b) No prazo máximo de 3 días.
- c) No prazo máximo de 5 días.
- d) Son falsas todas as respostas desta pregunta.

**2 - Contra o auto que resolva a oposición á execución, que recurso se poderá interpoñer?**

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de apelación.
- c) Recurso de infracción procesual.
- d) Recurso de casación.

## ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

**1 – Rosana cometeu un homicidio por imprudencia grave utilizando unha arma de fogo, delito que de acordo co Código penal será castigado con pena de prisión dun a catro anos e con pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo dun a seis anos. Que tipo de delito cometeu Rosana?**

a) Un delito grave, dado que o Código penal define como delitos graves aqueles nos que conorra imprudencia grave.

b) **Un delito menos grave, dado que as penas aparelladas ao delito son menos graves.**

c) Un delito grave, dado que comporta a imposición de penas graves, ao estar castigado con pena de privación do dereito á tenza e porte de armas que supera os cinco anos.

d) Un delito grave, dado que comporta a imposición de penas graves, ao estar castigado con pena de prisión superior a tres anos.

**2 – Un xuíz considerou probado que Manel é autor dun roubo con forza nas cousas, delito que o Código penal castiga con pena de prisión dun a tres anos. O xuíz declara que Manel actuou a causa da súa grave adicción ás drogas, polo que aprecia unha atenuante, que considera que non é moi cualificada. Por iso o xuíz impón na sentenza unha pena dun ano e nove meses de prisión. Manel pregunta á súa avogada se a pena imposta está dentro dos límites que fixa o Código penal para esta situación, dado que concorre unha atenuante. A súa avogada debe contestarlle que:**

a) **Si que está dentro dos límites legais, posto que o xuíz debe aplicar a pena na metade inferior da que fixe a lei para o delito.**

b) Non está dentro dos límites legais. O xuíz debe aplicar a pena na metade inferior da que fixe a lei para o delito, polo que a pena debería ser de seis meses a un ano menos un día de prisión.

c) Si que está dentro dos límites legais, debido a que, como só concorre unha atenuante, o xuíz podería impoñer unha pena que chegase ata os tres anos de prisión.

d) Non está dentro dos límites legais. O xuíz debe aplicar a pena inferior en grao á establecida pola lei para o delito, polo que a pena debería ser de seis meses a un ano menos un día de prisión.

**3 – Andrea está a cumprir unha pena de trinta e un días de traballos en beneficio da comunidade, e durante a execución da pena, faltou tres días do traballo por causa xustificada. Que consecuencias terán as ditas faltas no traballo?**

a) Dado que se ausentou do traballo durante máis de dúas xornadas laborais, a consecuencia será en todo caso que a pena se entenda incumplida, e o xuíz de vixilancia penitenciaria deberá acordar dedución de testemuño para proceder contra Andrea por quebrantamento de condena.

b) As faltas do traballo por causa xustificada non se entenderán como abandono da actividade. Os días perdidos teranse por traballados, polo que se lles computarán a Andrea como efectivamente cumpridos na liquidación de condena.

c) Dado que se ausentou do traballo durante máis de dúas xornadas laborais, o xuíz de vixilancia penitenciaria impoñerá a Andrea en todo caso o cumprimento dun día adicional de traballo por cada dúas faltas, aínda que estas faltas fosen xustificadas.

d) **As faltas do traballo por causa xustificada non se entenderán como abandono da actividade. Non obstante, o traballo perdido non se lle computará a Andrea na liquidación de condena, na que se deberán facer constar os días que efectivamente traballou.**

**4 – As persoas naturais ou xurídicas dedicadas a calquera xénero de industria ou comercio, ¿como responden civilmente polos delitos cometidos polos seus empregados ou dependentes, representantes ou xestores no desempeño das súas obrigas ou servizos?**

- a) De forma solidaria cos criminalmente responsables dos feitos.
- b) De forma subsidiaria, á falta dos que sexan criminalmente responsables.**
- c) De forma solidaria cos criminalmente responsables dos feitos, se ben limitadamente ata a contía do seu enriquecemento cos efectos do delito.
- d) De forma subsidiaria, se ben só responderán no caso de que o delito fose cometido mediante a utilización dun vehículo susceptible de crear riscos para terceiros.

**5 – A José Luis, en aplicación de Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, impúxoselle en sentenza unha medida de internamento en réxime pechado, que comezou a cumprir durante a súa minoría de idade nun centro de menores. José Luis alcanza os dezaoto anos de idade sen finalizar o cumprimento da medida. Sinale a resposta correcta en relación coa execución da dita medida.**

- a) A medida en todo caso deberá cumprirse nun centro de menores infractores, por ter iniciado alí José Luis o cumprimento.
- b) A medida deberá cumprirse en todo caso nun centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria, por ter chegado José Luis á maioría de idade.
- c) O xuíz de menores poderá ordenar que o cumprimento da medida se leve a cabo nun centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria se a conduta de José Luis non responde aos obxectivos propostos na sentenza.**
- d) O fiscal, oído o equipo técnico, poderá ordenar que o cumprimento da medida se leve a cabo nun centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria se a conduta de José Luis non responde aos obxectivos propostos na sentenza.

**6 – A policía xudicial acode á chamada de Xabier, que sufriu unha agresión na vía pública por parte dun descoñecido que lle causou a fractura dun brazo. A policía realiza varias dilixencias de investigación dos feitos, pero non consegue identificar o autor no prazo de setenta e dúas horas desde a apertura do atestado. Que debe facer a policía xudicial co atestado?**

- a) Debe conservalo ao dispor do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial, sen llelo enviar, por non haber autor coñecido.
- b) Debe conservalo ao dispor do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial, sen llelo enviar. Só o enviará se o Ministerio Fiscal ou a autoridade xudicial solicitan a remisión.
- c) Debe conservalo ao dispor do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial, sen llelo enviar. Só o enviará cando a vítima do delito solicite expresamente á policía xudicial que efectúe o envío.
- d) Deben remitir o atestado á autoridade xudicial e ao Ministerio Fiscal.**

**7 – Un Xulgado de Instrución, desempeñando funcións de garda, ditou un auto no que adoptaba orde de protección a favor dunha vítima de violencia sobre a muller, ao non poder adoptala o Xulgado de Violencia sobre a Muller. A defensa do investigado interpón recurso de apelación contra o auto. Que órgano é o competente para resolver o dito recurso de apelación?**

- a) O Xulgado do Penal.
- b) A Audiencia Provincial.**
- c) A Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza.
- d) O Xulgado de Violencia sobre a Muller.

**8 – Mariana, xuíza que admitiu unha querela por un delito de insolvencia punible atribuído á persoa xurídica XXYZZ SA, entende que hai que citar a dita persoa xurídica para a comparecencia prevista no artigo 775 da Lei de axuízamento criminal para informar á entidade dos feitos que se lle imputan. Como procede actuar? Sinale a resposta correcta.**

a) Na citación a entidade será requirida para que designe un representante, así como avogado e procurador para ese procedemento, coa advertencia de que, en caso de non o facer, procederase á designación de oficio destes dous últimos.

b) Na citación a entidade será requirida para que designe un representante, así como avogado e procurador, coa advertencia de que, en caso de non o facer, procederase ao nomeamento de oficio dunha persoa do órgano de administración para que represente a entidade no procedemento, e á designación de oficio de avogado e procurador.

c) Na citación a entidade será requirida para que designe un representante, así como avogado e procurador para ese procedemento, coa advertencia de que, en caso de non o facer, poderá celebrarse a comparecencia sen a presenza de avogado.

d) Na citación a entidade será requirida para que designe representante, así como avogado e procurador para ese procedemento, coa advertencia de que, en caso de non designar representante, prescindirase da práctica da comparecencia.

**9 – Nun sumario no que se investiga un delito de tráfico de drogas cometido no seo dunha organización criminal, a xuíza de instrución ditou un auto para autorizar a intervención das comunicacións telefónicas nas que participe o investigado Alberto a través do terminal do que é titular. Cal é duración máxima da dita intervención?**

a) A duración máxima inicial da intervención, que se computará desde a data de autorización xudicial, será dun mes, prorrogable por períodos sucesivos de igual duración ata o prazo máximo de tres meses.

b) A duración máxima inicial da intervención, que se computará desde a data de autorización xudicial, será dun mes, prorrogable por períodos sucesivos de igual duración ata o prazo máximo de doce meses.

c) A duración máxima inicial da intervención, que se computará desde a data de autorización xudicial, será de tres meses, prorrogables por períodos sucesivos de igual duración ata o prazo máximo de dezoito meses.

d) A duración máxima inicial da intervención, que se computará desde a data de autorización xudicial, será de tres meses, prorrogables por períodos sucesivos de tres meses, sen que exista límite máximo de duración total da intervención.

**10 – O xulgado de garda incoou dilixencias urxentes por un delito de roubo e practicáronse as dilixencias que se consideraron pertinentes. Tras oír as partes constituídas e o Ministerio Fiscal na comparecencia do artigo 798 da Lei de axuízamento criminal, o xuíz de garda entende que as dilixencias practicadas son suficientes e que non aparece suficientemente xustificada a perpetración do roubo. Que fará o xuíz neste caso?**

a) Ditará un auto en que acorde o sobresemento provisional das actuacións.

b) Debe ordenar a continuación do procedemento e a apertura de xuízo oral, non podendo o xuíz de garda acordar o sobresemento provisional salvo no caso de que o Ministerio Fiscal e o acusador particular, se o houbese, soliciten o sobresemento.

c) Ordenará a continuación do procedemento como dilixencias previas do procedemento abreviado e inmediatamente ditará auto de sobresemento provisional.

d) Procederá ao axuízamento inmediato do feito.

**11 – A causa penal que se instrúe por un delito cometido por medio da imprenta dirixiuse contra o director da publicación na que se difundiu o escrito que se considera delituoso. Durante o curso da causa, descóbrese quen foi o autor real do escrito e identifícase tamén ao director da empresa editora. Nesta situación, que terá que facer o xuíz de instrución?**

- a) Terá que dirixir o procedemento contra o autor real do escrito e continuo tamén contra o director da publicación en que se difundiu.
- b) **Terá que dirixir o procedemento contra o autor real do escrito e deberá sobreselo respecto ao director da publicación en que se difundiu.**
- c) Terá que dirixir o procedemento contra o autor real do escrito e contra o director da empresa editora, continuándoo tamén contra o director da publicación en que se difundiu.
- d) Terá que continuar o procedemento contra o director da publicación en que se difundiu o escrito, non podendo dirixir o procedemento xa contra o autor real do escrito.

**12 – Juan está detido na comisaría de policía por un delito contra a seguridade do tráfico e solicita nomeamento de avogado da quenda de oficio para que o asista. O Colexio da Avogacía nomeou o avogado Pedro para asistir a Juan. Transcorreron catro horas desde que Pedro recibiu o encargo, e este non compareceu na comisaría. Indique cal é a forma correcta de proceder nesta situación.**

- a) Procede esperar a que acuda o avogado Pedro, xa que este ten un prazo máximo de oito horas desde a recepción do encargo para acudir ao centro de detención.
- b) A policía deberá requirir a Juan para que nomee avogado de libre designación, ao ser infrutuoso o nomeamento de avogado da quenda de oficio.
- c) A policía recibirá declaración policial a Juan sen a presenza de avogado, pois, aínda que Juan siga mantendo o seu desexo de ser asistido polo dito profesional, tal asistencia non é preceptiva en feitos susceptibles de ser tipificados exclusivamente como delitos contra a seguridade do tráfico.
- d) **O Colexio da Avogacía designaralle a Juan un novo avogado da quenda de oficio, sen prexuízo da existencia de responsabilidade disciplinaria en que puidese ter incorrido o avogado Pedro.**

**13 – Nun procedemento abreviado o Ministerio Fiscal e a acusación particular presentaron senllos escritos de acusación contra Marcela por un delito de apropiación indebida, solicitando penas dun ano e de dous anos e seis meses de prisión respectivamente. Acórdase a apertura do xuízo oral e Marcela maniféstalle á súa avogada que quere recoñecer os feitos e evitar o xuízo. Por iso a avogada de Marcela contacta coas acusacións para intentar chegar a un acordo. É posible que Marcela e a súa defensa asinen coas partes acusadoras un novo escrito de cualificación conxunto para poder prestar conformidade antes da celebración das sesións do xuízo oral?**

- a) Non, dado que unha das penas solicitadas excede de dous anos de prisión.
- b) Non, dado que ao estar constituída unha acusación particular non cabe asinar escrito conxunto de conformidade.
- c) **Si, dado que a conformidade pode ser prestada cun novo escrito de cualificación que conxuntamente asinen as partes acusadoras, a acusada Marcela e a súa avogada, en calquera momento anterior ao xuízo oral.**
- d) Non, dado que en atención ao estado da tramitación do procedemento só poderá conformarse cos escritos de acusación xa presentados se quere facelo antes de comezar as sesións do xuízo oral.

**14 – Joaquín está a ser investigado por un delito de estafa do artigo 250 do Código penal, e a xuíza Mireia acorda a súa prisión provisional, motivando que o fin que persegue esta medida é evitar a ocultación, alteración ou destrución das fontes de proba relevantes para o axuizamento. O delito polo que se investiga a Joaquín está castigado coas penas de prisión dun a seis anos e multa de seis a doce meses. Cal é o prazo máximo da prisión provisional así acordada?**

- a) A duración da prisión provisional non poderá exceder dun ano, aínda que cabe unha prórroga por seis meses.
- b) A duración da prisión provisional non poderá exceder de dous anos, aínda que cabe unha prórroga por seis meses.

c) A duración da prisión provisional non poderá exceder de seis meses, aínda que cabe unha prórroga por outros seis.

d) A duración da prisión provisional non poderá exceder de seis meses.

**15 – Días antes do xuízo, Xulio, acusado nun procedemento abreviado, dille ao seu avogado que existe unha testemuña, Jaime, que pode acreditar feitos que o favorecen. O avogado de Xulio xa presentou no prazo oportuno o escrito de defensa, polo que esta testemuñal non foi proposta no escrito. Na rolda de intervencións ao comezo do xuízo, o avogado de Xulio propón a declaración testemuñal de Jaime, indicando que esa testemuña compareceu no xulgado para declarar, polo que a proba podería practicarse no acto. Ante esta proposición, o xuíz...**

a) Non poderá admitir a declaración testemuñal de Jaime porque só se poderán practicar as probas que as partes propuxeron nos seus respectivos escritos de acusación e defensa.

b) Non poderá admitir a declaración testemuñal de Jaime porque as partes na rolda de intervencións ao comezo do xuízo unicamente poderán propoñer e achegar nova proba se é de carácter documental.

c) Poderá admitir a declaración testemuñal de Jaime, tendo que resolver no mesmo acto o procedente sobre a admisión ou non da dita proba, sen que contra a decisión adoptada caiba ningún recurso.

d) Poderá admitir a declaración testemuñal de Jaime, pero as demais partes poderán presentar recurso de reforma de forma oral ante o xuíz, que poderá suspender o acto do xuízo para resolvelo.

**16 – Na fase instrutora dun procedemento abreviado por un delito menos grave de lesións sufrido por Vicente, a autoridade xudicial acorda que debe intervir como testemuña o menor Pedro, que ten trece anos de idade. De acordo co previsto na Lei de axuízamento criminal, nesta situación, como deberá acordar a autoridade xudicial que se practique a audiencia do menor?**

a) A autoridade xudicial deberá acordar en todo caso practicar a audiencia do menor como proba preconstituída, en atención á idade da testemuña e ao tipo de delito cometido.

b) A autoridade xudicial non poderá acordar neste caso que a audiencia do menor se practique como proba preconstituída, dado que iso só está previsto para os menores de doce anos.

c) A autoridade xudicial poderá acordar que a audiencia do menor se practique como proba preconstituída, pero só se entende que unha posterior declaración en xuízo vai prexudicar seriamente ao menor.

d) A autoridade xudicial non poderá acordar que a audiencia do menor se practique como proba preconstituída, dado que o delito menos grave de lesións non é daqueles para os cales está prevista esta posibilidade.

**17 – A Audiencia Provincial de Teruel ditou en primeira instancia unha sentenza condenatoria por un delito de lesións. Esa sentenza foi recorrida en apelación, e a Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón ditou sentenza que se limita a declarar a nulidade da sentenza recaída en primeira instancia. Procedo recurso de casación contra a sentenza que ditou a Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón?**

a) Si que cabe recurso, unicamente por infracción de lei.

b) Non cabe recurso de casación contra a devandita sentenza.

c) Si que cabe recurso, por infracción de lei e por quebrantamento de forma.

d) Si que cabe recurso, unicamente por quebrantamento de forma.

**18 – Jon foi condenado a unha pena dun ano de prisión e a pagar unha responsabilidade civil de 10.000 €. Jon comprometeuse a satisfacer a dita responsabilidade civil de acordo coa súa**

capacidade económica e a xuíza do penal acordou deixar en suspenso a execución da pena privativa de liberdade imposta a Jon, determinando un prazo prudencial para o pago da responsabilidade civil e condicionando a suspensión ao cumprimento da prohibición de acudir ao lugar onde cometeu o delito. En cal dos seguintes casos deberá a xuíza revogar a suspensión e ordenar a execución da pena?

- a) No caso de que Jon incumpra de forma grave ou reiterada a prohibición de acudir ao lugar onde cometeu o delito.
- b) No caso de que Jon sexa condenado por un delito cometido durante o período de suspensión, sendo imperativa a revogación da suspensión en caso de cometer calquera delito.
- c) No caso de que Jon non dea cumprimento ao compromiso de pago das responsabilidades civís, aínda que o incumprimento sexa debido a falta de capacidade económica para poder cumprir o dito compromiso.
- d) No caso de que Jon se aproxime á vítima do delito.

**19 – Miguel foi condenado a dez penas de tres anos de prisión por dez delitos de roubo con violencia, polo que se establece que o máximo de cumprimento efectivo da condena é de nove anos. Neste caso, sinale o que dispón o Código penal respecto do cómputo de tempo para a liberdade condicional.**

- a) O xuíz de vixilancia penitenciaria necesariamente deberá acordar que o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refira á totalidade das penas impostas nas sentenzas.
- b) O xuíz ou tribunal sentenciador poderá acordar que o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refira á totalidade das penas impostas nas sentenzas.
- c) Non poderá acordarse que o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refira á totalidade das penas impostas nas sentenzas.
- d) O xuíz ou tribunal sentenciador necesariamente deberá acordar que o cómputo de tempo para a liberdade condicional se refira á totalidade das penas impostas nas sentenzas.

**20 – Cal das seguintes penas, que son aplicables ás persoas xurídicas, pode ser imposta na sentenza ben con carácter temporal ou ben con carácter permanente?**

- a) Prohibición de realizar no futuro as actividades en exercicio das cales se cometeu, favoreceu ou encubriu o delito.
- b) Disolución da persoa xurídica.
- c) Inhabilitación para obter subvencións e axudas públicas, para contratar co sector público e para gozar de beneficios e incentivos fiscais ou da Seguridade Social.
- d) Clausura dos seus locais e establecementos.

**21 – Entregouse o escrito co obxecto do veredicto aos xurados, que se retiran á sala destinada para a súa deliberación. Ernest, un dos xurados, ten dúbidas sobre determinados aspectos do obxecto do veredicto, polo que pide a presenza do maxistrado presidente para que amplíe as instrucións. Sinale como debe procederse nesta situación.**

- a) Non poderá darse trámite á petición de Ernest porque non se permite que os xurados soliciten a presenza do maxistrado presidente baixo ningún concepto, xa que teñen que permanecer incomunicados.
- b) Á vista da petición de Ernest, convocarase os xurados a unha comparecencia en audiencia pública co maxistrado presidente asistido do letrado da Administración de Xustiza, en presenza do Ministerio Fiscal e as demais partes.
- c) Á vista da petición de Ernest, convocarase a este a unha audiencia reservada co maxistrado presidente.

d) Á vista da solicitude de Ernest, debe procederse á disolución do Xurado.

**22 – Antonio, que foi declarado exento de responsabilidade criminal por causa do seu trastorno psíquico, está a cumprir unha medida de seguridade de internamento en centro psiquiátrico. Durante a execución da dita medida...**

a) O xuíz de vixilancia penitenciaria estará obrigado a elevar, polo menos anualmente, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida de seguridade, correspondendo ao xuíz ou tribunal sentenciador adoptar a decisión que proceda sobre o mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida.

b) Os facultativos e profesionais que asistan a Antonio estarán obrigados a elevar, polo menos cada seis meses, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida de seguridade, correspondendo ao xuíz de vixilancia penitenciaria acordar o mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida.

c) O Ministerio Fiscal estará obrigado a elevar, polo menos anualmente, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida de seguridade, correspondendo ao xuíz de vixilancia penitenciaria acordar o mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida.

d) O Ministerio Fiscal estará obrigado a elevar, polo menos anualmente, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida de seguridade, correspondendo ao xuíz ou tribunal sentenciador adoptar a decisión que proceda sobre o mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida.

**23 – Wilfredo, no seu domicilio de Madrid e sen intervención de ningunha outra persoa nos feitos, estivo fabricando moeda falsa. Este delito está castigado con pena de prisión de oito a doce anos e multa do tanto ao décuplo do valor aparente da moeda. Sinale o órgano competente para o axuizamento do delito cometido por Wilfredo.**

a) Os Xulgados do Penal de Madrid.

b) Os Xulgados Centrais do Penal.

c) A Sala do Penal da Audiencia Nacional.

d) A Audiencia Provincial de Madrid.

**24 – Antonio é o pai de Carlos. Carlos é o pai de Mario. Mario ten quince anos de idade e o seu pai Carlos ten atribuída a súa representación legal. Un xulgado iniciou unha investigación ao recibirse unha denuncia por un delito de malos tratos que tería sufrido Mario, e o investigado por tales feitos é o seu avó Antonio. O xuíz de instrución acorda a declaración testemuñal de Carlos. Está Carlos dispensado da obriga de declarar como testemuña?**

a) Si, dado que é parente do investigado en liña directa, polo que en todo caso queda dispensado da obriga de declarar.

b) Si, dado que é parente do investigado en liña directa, e o delito que se investiga non é un delito grave.

c) Non, porque, aínda que é parente do investigado en liña directa, ten atribuída a representación legal da vítima menor de idade.

d) Si, dado que é parente do investigado en liña directa, e o delito que se investiga non é un delito contra a liberdade ou indemnidade sexual do menor.

**25 – José foi condenado a unha pena de dous anos e seis meses de prisión, tras cometer os feitos a causa da súa dependencia das drogas. O seu avogado achega informe de centro público que certifica que José está en tratamento de deshabitación no momento presente, e solicita a suspensión da execución da pena de prisión, acordándoa o Tribunal. Que regras ten que observar**

**o Tribunal ao acordar a suspensión? Sinale a resposta correcta.**

- a) Deberá condicionar a suspensión da execución da pena a que non abandone o tratamento ata a súa finalización, deberá impoñer a José o cumprimento dunha pena de multa ou de traballos en beneficio da comunidade e deberá fixar un prazo de suspensión de tres a cinco anos.
- b) Deberá condicionar a suspensión da execución da pena a que non abandone o tratamento ata a súa finalización e deberá fixar un prazo de suspensión de tres a cinco anos.**
- c) Deberá condicionar a suspensión da execución da pena a que non abandone o tratamento ata a súa finalización e deberá fixar un prazo de suspensión de dous a cinco anos.
- d) Deberá condicionar a suspensión da execución da pena á deshabitación efectiva do suxeito e deberá fixar un prazo de suspensión de dous a cinco anos.

## **Preguntas de reserva**

**1 – Tras a vista do xuízo por un delito de lesións cometidas por imprudencia, o xuíz Fernando está a redactar a sentenza, na que declara a Miguel autor dos feitos. Fernando considera que Miguel, quen xa fora condenado previamente por un delito doloso de lesións, confesou a infracción ás autoridades antes de coñecer que o procedemento se dirixía contra el, e que así mesmo reparou o dano ocasionado á vítima antes do xuízo oral. Neste caso, na sentenza:**

- a) Fernando deberá necesariamente impoñer a pena na metade inferior da que fixe a lei para o delito.
- b) Fernando deberá necesariamente impoñer a pena inferior nun ou dous graos á establecida pola lei para o delito.
- c) Fernando deberá necesariamente impoñer a pena inferior en grao á establecida pola lei para el delito.
- d) Fernando aplicará as penas ao seu prudente arbitrio.**

**2 – Contra as dilixencias de ordenación do letrado da Administración de Xustiza ditadas no procedemento penal e que non se refiran nin á execución de pronunciamentos civís da sentenza nin á realización da medida cautelar de embargo, ¿que recurso establece a Lei de axuizamento criminal? Sinale a resposta correcta.**

- a) Recurso de reforma, que será resolto polo propio letrado da Administración de Xustiza.
- b) Recurso de revisión, que será resolto polo propio letrado da Administración de Xustiza.
- c) Recurso de reposición, que será resolto polo propio letrado da Administración de Xustiza.**
- d) Recurso de reposición, que será resolto polo xuíz ou tribunal.

## ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO

**1 - Durante a tramitación dun procedemento administrativo iniciado de oficio xurdiron diversas cuestións incidentais. Indique as consecuencias que poderán ter sobre a posible suspensión do procedemento.**

- a) Ningunha. Calquera que sexa a cuestión incidental que se suscite, non se suspenderá a tramitación do procedemento.
- b) **As cuestións incidentais que se susciten no procedemento non o suspenderán, salvo a recusación.**
- c) Agás que se trate da recusación ou do cesamento e nomeamento de nova autoridade encargada de resolver, ningunha outra cuestión incidental suspenderá a tramitación do procedemento.
- d) Calquera que sexa a cuestión incidental que se suscite ten efectos suspensivos sobre o procedemento administrativo, salvo que por resolución motivada se acorde continuar a súa tramitación.

**2 – Indique o valor probatorio que no procedemento administrativo terán os documentos formalizados por funcionarios aos que se recoñece a condición de autoridade e nos que, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan os feitos constatados por aqueles.**

- a) Farán proba plena dos feitos a que se refiran, non admitindo proba en contrario.
- b) **Farán proba dos feitos a que se refiran, salvo que se acredite o contrario.**
- c) Para que teñan valor probatorio, será precisa a súa ratificación pola autoridade ou funcionario autorizante e valoraranse xunto ao resto de medios probatorios, rexendo o principio de libre valoración da proba.
- d) Farán proba plena dos feitos a que se refiran, salvo impugnación expresa da parte que negue a súa autenticidade; nese caso serán excluídos e o feito a que se refiran deberá acreditarse por outros medios probatorios.

**3 – Entre as circunstancias taxadas nas que pode fundarse un recurso extraordinario de revisión contra un acto firme en vía administrativa atópase:**

- a) Que na resolución administrativa se prescindise total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- b) Que na resolución administrativa influísen esencialmente documentos declarados falsos por sentenza xudicial firme, pero só se a sentenza foi ditada con anterioridade á resolución.
- c) **Que na resolución influísen esencialmente testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución.**
- d) Que a resolución administrativa teña un contido imposible.

**4 – Nos procedementos sobre responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, que efectos terá o silencio administrativo?**

- a) Efecto estimatorio se o procedemento se iniciou por solicitude do interesado e desestimatorio se se iniciou de oficio.
- b) Efecto estimatorio cando se produza respecto da resolución do recurso de alzada que se interpuxo contra a desestimación inicial por silencio administrativo e desestimatorio no resto de supostos.
- c) **Efecto desestimatorio en todo caso.**

d) Efecto estimatorio ou desestimatorio, segundo o que en cada caso dispoñan as leis especiais por razón da materia ou as distintas leis autonómicas sobre procedemento administrativo.

**5 – En que casos as reclamacións en materia de responsabilidade patrimonial poderán ser obxecto de tramitación simplificada?**

a) Cando, unha vez iniciado o procedemento administrativo, o órgano competente para a súa tramitación considere inequívoca a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión, así como a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización.

b) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou inferior a 50.000 €.

c) Cando as Administracións Públicas decidan iniciar de oficio un procedemento de responsabilidade patrimonial se o interesado non comparece no prazo establecido.

d) Cando a proposta de resolución non precise ser motivada.

**6 – No procedemento administrativo sancionador previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a cualificación inicial dos feitos que motivan a incoación do procedemento debe facerse constar:**

a) Indistintamente, a criterio do órgano instructor, no acordo de iniciación do procedemento ou na proposta de resolución, pero sempre, en todo caso, antes da resolución do procedemento.

b) En todo caso, no acordo de iniciación, ao ser a cualificación dos feitos unha das mencións indispensables deste acordo.

c) Con carácter xeral, no acordo de incoación, se ben excepcionalmente cando nese momento non existan elementos suficientes para a cualificación inicial, a cualificación dos feitos poderá realizarse nun momento posterior, mediante un prego de cargos.

d) Na proposta de resolución, na que se fixará a cualificación inicial dos feitos, a súa cualificación xurídica, a infracción que eses feitos constitúan, a persoa responsable e a sanción que se propoña.

**7 - Corresponde á orde xurisdiccional contencioso-administrativa o coñecemento de:**

a) Os recursos contencioso-disciplinarios militares.

b) Os recursos directos que se interpoñan contra as normas forais fiscais das Xuntas Xerais dos Territorios Históricos de Árabá, Guipúscoa e Biscaia.

c) Os conflitos de xurisdición entre os xulgados e tribunais e a Administración pública.

d) As resolucións do Consello Xestor do Fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas.

**8 – A que órgano xurisdiccional corresponde a declaración xudicial de extinción dun partido político por non presentar as súas contas anuais durante tres exercicios consecutivos a que se refire o artigo 12 bis da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos?**

a) Á Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.

b) Á Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

c) Ao Xulgado Central do Contencioso-administrativo que por quenda corresponda.

d) Á Sala especial do Tribunal Supremo prevista no artigo 61 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

**9 – A interposición dun recurso contencioso-administrativo contra unha actuación material da Administración que constituía vía de feito, ¿precisa necesariamente dun previo requirimento á Administración?**

- a) Si. En todo caso debe mediar requirimento previo á Administración para que esta poida cesar no seu comportamento, sen necesidade de acudir aos tribunais.
- b) Non. A lei prevé nestes casos que o interesado debe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, sen ningún requirimento previo.
- c) Non. A lei non esixe necesariamente o requirimento previo á Administración, podendo o interesado, á súa elección, interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ou acudir ao requirimento previo.
- d) Si. O requirimento previo á Administración é esixido pola lei antes de acudir ao recurso contencioso-administrativo, salvo que se interpoña o procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais, caso en que non debe acudirse a el.

**10 – En relación co procedemento especial para a garantía da unidade de mercado, quen ten lexitimación para interpoñelo?**

- a) Exclusivamente a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.
- b) Indistintamente a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou un operador económico que teña interese directo na anulación do acto, actuación ou disposición cuestionada.
- c) O particular, persoa física ou xurídica, que sufra os prexuízos da actuación administrativa que sexa contraria á liberdade de establecemento ou de circulación.
- d) A Administración pública autora da disposición, acto, actuación, inactividade ou vía de feito que é cuestionada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, por ser contraria á unidade de mercado.

**11 – A quen corresponde a lexitimación activa para interpoñer un recurso contencioso-administrativo sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo?**

- a) En todo caso, ás asociacións legalmente constituídas cuxo fin primordial sexa a defensa da igualdade de trato entre mulleres e homes, ademais da propia persoa acosada.
- b) Soamente á persoa acosada.
- c) Indistintamente, á persoa acosada, ás asociacións legalmente constituídas cuxo fin primordial sexa a defensa da igualdade de trato entre mulleres e homes e aos sindicatos máis representativos.
- d) A calquera cidadán en exercicio da acción popular.

**12 – Pode un funcionario público comparecer por si mesmo nun proceso contencioso-administrativo?**

- a) Si, sempre que se trate de actuacións ante un órgano unipersoal, calquera que sexa a materia, precisando da asistencia de avogado ou avogada se as actuacións son ante un órgano colexiado.
- b) Si, en defensa dos seus dereitos estatutarios, cando se refira a cuestións de persoal que non impliquen separación de empregos públicos inamovibles, exclusivamente.
- c) Si, en defensa dos seus dereitos estatutarios, cando se refira a calquera cuestión de persoal.
- d) Non; como calquera outro recorrente, precisará ser asistido en todo caso por avogado ou avogada.

**13 – Nos supostos nos que o xuíz ou tribunal dispoña de oficio a práctica dunha determinada proba que estime necesaria e as partes non tivesen oportunidade de alegar sobre o seu resultado, na vista ou no escrito de conclusións, como actuará o órgano xudicial?**

- a) Tras audiencia das partes, declarará a nulidade do trámite de vista ou de conclusións, retrotraendo as actuacións a un momento anterior, para que as partes poidan novamente solicitar vista ou conclusións e así alegar sobre a nova proba practicada de oficio.

b) O letrado ou letrada da Administración de Xustiza poñerá de manifesto o resultado da proba ás partes, as cales poderán, nos cinco días seguintes, alegar o que estimen conveniente acerca do seu alcance e importancia.

c) O letrado ou letrada da Administración de Xustiza convocará unha continuación de acto de vista ou acordará un novo trámite de alegacións, en función do que xa ocorrese no proceso previamente, e se non se celebrou ningún deles, acordará un trámite de alegacións escritas.

d) Ao ser unha decisión acordada exclusivamente polo xuíz ou tribunal, as partes non terán ningunha intervención, sen prexuízo de poderen alegar o que estimen conveniente sobre o seu alcance e importancia no recurso que proceda contra a sentenza.

**14 – Durante a tramitación dun recurso de apelación contra unha sentenza, é posible adoptar novas medidas cautelares que non fosen adoptadas en primeira instancia?**

a) Non. As medidas cautelares poden solicitarse e adoptarse, en calquera estado do proceso, durante a primeira instancia exclusivamente.

b) Si. O xuíz, por instancia de parte interesada, poderá adoptar as medidas cautelares que sexan pertinentes para asegurar a execución da sentenza.

c) Non, dado que calquera que sexa a medida cautelar pretendida deberá solicitarse no escrito de interposición ou no escrito de demanda.

d) Si. O xuíz, de oficio, poderá adoptar as medidas cautelares que sexan pertinentes para asegurar a execución da sentenza.

**15 – Que tipo de resolución declarará terminado o procedemento polo achantamento da parte demandada, cando non supoña infracción manifesta do ordenamento xurídico?**

a) Decreto.

b) Auto.

c) Sentenza.

d) Providencia, sucintamente motivada.

**16 - Que recurso cabe contra a resolución do letrado ou letrada da Administración de Xustiza admitindo a trámite o recurso de apelación contra unha sentenza?**

a) Non cabe recurso ningún.

b) Recurso de reposición.

c) Recurso directo de revisión ante o xuíz ou tribunal.

d) Recurso de queixa, que se tramitará na forma establecida na Lei de axuízamento civil.

**17 – A quen ten que dirixirse a solicitude de extensión de efectos dunha sentenza contencioso-administrativa?**

a) Ao órgano xurisdiccional competente que ditou a sentenza cuxa extensión de efectos se pretende.

b) Á Administración demandada, autora do acto ou disposición obxecto do recurso contencioso-administrativo.

c) Ao órgano administrativo responsable da execución da sentenza cuxa extensión de efectos se pretende.

d) Indistintamente ao órgano xurisdiccional que ditou a sentenza ou ao órgano administrativo responsable da súa execución.

**18 - A quen corresponde apreciar a concorrencia dunha causa que faga imposible, legal ou materialmente, executar unha sentenza?**

- a) Ao órgano administrativo encargado do seu cumprimento.
- b) Ao xuíz ou tribunal que ditase a sentenza.**
- c) Ao Consello de Ministros ou, se é o caso, ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma cando o acto, actividade ou disposición impugnados proviñese dos órganos da Administración da dita Comunidade ou das entidades locais do seu territorio.
- d) Á Administración responsable do acto, actuación, inactividade ou vía de feito que constituíu o obxecto do recurso contencioso-administrativo.

**19 – As causas de utilidade pública ou de interese social que permiten expropiar os dereitos recoñecidos por unha sentenza contra a Administración son, exclusivamente:**

- a) O perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns e o temor fundado de guerra.
- b) O perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o temor fundado de guerra e o quebranto da integridade do territorio nacional.**
- c) O temor fundado de guerra e o quebranto da integridade do territorio nacional.
- d) O perigo certo de alteración grave do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o temor fundado de guerra, o quebranto da integridade do territorio nacional e o trastorno grave que vaia producir á Facenda da Administración no caso de condena ao pago dunha cantidade.

**20 – En relación coa declaración responsable e a comunicación, en que casos poden esixirse ambas acumulativamente?**

- a) En ningún caso.**
- b) Cando se trate da realización de actividades que afecten a defensa nacional.
- c) Cando se trate do exercicio de actividades suxeitas a autorización administrativa.
- d) Cando se trate do exercicio de actividades privadas exentas de autorización administrativa.

**21 – Conforme a Lei de expropiación forzosa, no procedemento xeral ou ordinario de expropiación, cando poderá levarse a cabo a ocupación do predio expropiado ou o exercicio do dereito expropiado?**

- a) Unha vez que quedou determinado o prezo xusto.
- b) Unha vez que se fixo efectivo o prezo xusto ou, se é o caso, foi consignado en forma legal.**
- c) Unha vez que a Administración expropiante, calquera que sexa esta, declare que procede a ocupación.
- d) Unha vez que o xurado de expropiación correspondente o autorice.

**22 - En materia de contratos do sector público, quen son competentes para liquidar as controversias que se susciten sobre a preparación e adxudicación destes?**

- a) Os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para todo o relativo á preparación e adxudicación, tanto se son contratos administrativos como contratos privados.**
- b) Os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para todo o relativo á preparación e adxudicación para os contratos administrativos e os da orde civil para a preparación e adxudicación dos contratos privados.
- c) Os órganos da orde xurisdiccional civil para todo o relativo á preparación e adxudicación, tanto se son contratos administrativos como contratos privados.
- d) Os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para todo o relativo á preparación e os órganos da orde xurisdiccional civil para todo o relativo á adxudicación, tanto para os contratos administrativos como os privados.

**23 – Nun procedemento administrativo en materia de estranxeiría, poderá intervir como interesada unha organización legalmente constituída en España para a defensa dos inmigrantes?**

a) Si, pero só se a organización foi expresamente designada pola persoa estranxeira interesada no procedemento.

b) Si, en todo caso.

c) Non. Este tipo de organizacións teñen lexitimación para intervir nos procesos contencioso-administrativos, pero non nos procedementos administrativos.

d) Non. Este tipo de organizacións actúan no ámbito asistencial pero non poden intervir nin nos procedementos administrativos nin nos xudiciais en materia de estranxeiría.

**24 – Cal é a duración máxima que pode ter o ingreso dunha persoa estranxeira nun centro de internamento, durante a tramitación dun procedemento en materia de estranxeiría no que poida acordarse a súa expulsión do territorio nacional?**

a) 60 días prorrogables por unha soa vez por outros 30 días.

b) 60 días improrrogables.

c) 30 días prorrogables por unha soa vez por 15 días.

d) 45 días improrrogables.

**25 - Cal é o procedemento tributario que ten por obxecto a comprobación e investigación do adecuado cumprimento das obrigas tributarias e, se é o caso, a regulación do obrigado tributario mediante a práctica dunha ou varias liquidacións?**

a) O procedemento de prema.

b) O procedemento de verificación de datos.

c) O procedemento de recadación.

d) O procedemento de inspección.

### **Preguntas de reserva**

**1 – As actuacións previas que poden levarse a cabo con anterioridade ao comezo dun procedemento sancionador previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, orientaranse a determinar coa maior precisión posible:**

a) Os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros.

b) A persoa ou persoas presuntamente responsables, as condutas ou feitos que puidesen constituír infracción administrativa e a súa tipificación, así como o lugar e a data en que ocorreron os feitos.

c) Os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables, a posible cualificación provisional dos feitos e a sanción, así como as circunstancias relevantes que concorran nos feitos.

d) A persoa ou persoas presuntamente responsables, as condutas ou feitos que puidesen determinar a incoación do procedemento, a súa tipificación e a existencia de danos de natureza patrimonial e de posibles prexudicados.

**2 - Quen está lexitimado para instar a execución forzosa dunha sentenza firme, unha vez transcorrido o prazo para o seu cumprimento voluntario?**

- a) Só a parte demandante, sexa un particular ou unha Administración pública.
- b) Só a Administración demandada.
- c) Exclusivamente calquera das partes procesuais.
- d) Calquera das partes procesuais e, ademais, as persoas afectadas pola resolución.

## ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

**1 - Lucía ten catorce anos e vive cos seus pais no domicilio familiar. A dona dunha cafetería próxima á súa casa ofrécelle traballar servindo mesas á hora da comida cun contrato de 20 horas semanais. Pode Lucía subscribir contrato de traballo?**

- a) Lucía pode asinar o contrato de traballo por si mesma.
- b) Lucía pode asinar o contrato de traballo co consentimento dos seus pais.
- c) **Lucía non pode asinar o contrato de traballo ao ser menor de dezaseis anos.**
- d) Non hai problema en que Lucía contrate a prestación dos seus servizos ao ser un contrato a tempo parcial.

**2 – A celebración dun contrato de traballo para a realización dunha obra ou servizo, esixe algún requisito de forma?**

- a) Non. Poderase celebrar por escrito ou de palabra.
- b) **Si. Os contratos de traballo para obra ou servizo determinado deben constar por escrito, en todo caso.**
- c) Só debería constar por escrito se se celebra para prestar servizos a tempo completo.
- d) Só debería constar por escrito se a súa duración se prevé superior a sete días.

**3 – Andrés presta servizos por conta allea en virtude de contrato de formación en alternancia nunha fábrica de montaxe de pezas de automóbil. Se as necesidades da empresa o xustifican, pode esta impoñer a Andrés traballos nocturnos ou traballo a quendas?**

- a) Os contratados en virtude de contrato de formación en alternancia sométense nesta cuestión ao mesmo réxime que o resto dos traballadores do persoal, sexa cal for a natureza do seu contrato.
- b) **As persoas contratadas con contrato de formación en alternancia non poderán realizar traballos nocturnos nin traballo a quendas salvo que pola natureza da actividade o plan formativo non poida desenvolverse noutros períodos.**
- c) Se as necesidades da empresa o requiren pódesele esixir traballar en quenda de noite pero en ningún caso traballar a quendas.
- d) Se o empregado presta o seu consentimento nada impide que traballe a quendas ou en horario nocturno.

**4 – Empresa e traballador deciden que unha parte do salario mensual se aboará en especie. Cal é o máximo que se pode percibir como salario en especie?**

- a) Non existe un máximo fixado na lexislación laboral.
- b) O salario en especie poderá ser como máximo o que en cada caso fixe o convenio colectivo do sector.
- c) O salario en especie será como máximo do dez por cento das percepcións salariais do traballador.
- d) **O salario en especie en ningún caso poderá superar o trinta por cento das percepcións salariais do traballador.**

**5 - Cal é a duración do descanso mínimo entre xornadas? Marque a resposta correcta.**

- a) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte deben mediar, como mínimo, doce horas.
- b) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte deben mediar, como mínimo, nove horas.
- c) O descanso mínimo entre xornadas será como mínimo de doce horas, salvo que as partes pacten expresamente outro de duración inferior en contrato.
- d) O descanso mínimo entre xornadas será dun día e medio.

**6 – Jaume traballa como conserxe para o Concello de Salt en virtude de contrato de traballo indefinido e a xornada completa. Tras gozar de permiso por nacemento do seu primeiro fillo decide pedir unha redución de xornada dun vinte por cento, que lle é denegada. Cal sería a orde xurisdiccional competente para coñecer da súa demanda?**

- a) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional social ao tratarse de persoal laboral ao servizo dunha Administración pública.
- b) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional contencioso-administrativa xa que o empregador é unha Administración pública.
- c) A competencia para coñecer desta demanda corresponderá á orde xurisdiccional civil.
- d) A competencia corresponderá á Sala do Social do Tribunal Supremo.

**7 – En cal dos seguintes supostos a lexislación laboral admite a suspensión do contrato de traballo con recíproca exoneración das obrigacións de traballar e remunerar?**

- a) Durante as vacacións.
- b) Durante a incapacidade temporal do traballador.
- c) Durante o descanso entre xornadas.
- d) Durante o descanso de fin de semana.

**8 – A empresa XXX decide sancionar un empregado pola comisión dunha falta de desobediencia tipificada como falta grave. Cando prescribe esta falta?**

- a) Aos vinte días a partir da data da comunicación escrita ao traballador e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- b) Aos sesenta días a partir da data da comunicación escrita ao traballador e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- c) Aos vinte días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión, e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.
- d) Aos sesenta días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.

**9 – Se unha empresa conta con setenta e dous empregados, a quen corresponde a representación destes para a defensa dos seus intereses?**

- a) Aos delegados de persoal en número de tres.
- b) A un só delegado de persoal.
- c) Ao comité de empresa cun máximo de tres membros.
- d) Ao comité de empresa cun máximo de trece membros.

**10 – O comité de empresa ten dereito a recibir a copia básica dos contratos, así como a notificación das prórrogas e das denuncias correspondentes a estes. Con que frecuencia?**

- a) Cunha periodicidade mensual.
- b) Cunha periodicidade trimestral.
- c) Cunha periodicidade quincenal.
- d) No prazo dos dez días seguintes a que tivesen lugar.

**11 - Sen prexuízo da liberdade das partes para determinar o contido dos convenios colectivos, na negociación destes, existirá o deber de negociar medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral ou, se é o caso, plans de igualdade co alcance e contido previsto no capítulo III do título IV da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?**

- a) En todo caso.
- b) Só nas empresas que conten con máis de douscentos cincuenta traballadores.
- c) Só se as partes negociadoras así o deciden.
- d) Só nas empresas que conten con máis de cincuenta traballadores.

**12 - Cal é a duración dos convenios colectivos?**

- a) Os convenios colectivos terán unha duración máxima dun ano.
- b) Os convenios colectivos terán unha duración máxima de cinco anos.
- c) Os convenios colectivos terán unha duración indeterminada ata que medie denuncia expresa dunha das partes.
- d) Corresponde ás partes negociadoras establecer a duración dos convenios, podendo eventualmente pactarse distintos períodos de vixencia para cada materia ou grupo homoxéneo de materias dentro do mesmo convenio.

**13 – Gema prestou servizos por conta dunha empresa con domicilio en Barcelona nas provincias de Huelva e Málaga. Tras ser despedida, decide presentar demanda. Que xulgado ou tribunal é competente territorialmente para coñecer da demanda?**

- a) A demanda ten que presentarse necesariamente ante o xulgado do social onde a empresa demandada ten o seu domicilio.
- b) A demanda poderá presentarse ante o xulgado do social dalgunha das distintas circunscricións territoriais nas que presta os seus servizos, podendo elixir entre aquel en que teña o seu domicilio, o do contrato, se achándose nel o demandado puidese ser citado, ou o do domicilio do demandado.
- c) A demanda deberá presentarse ante a Sala do Social da Audiencia Nacional xa que afecta ao territorio de varias Comunidades Autónomas.
- d) Ten que presentarse ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía ao prestar os seus servizos en dúas provincias do territorio desta Comunidade Autónoma.

**14 – Aitor recibiu comunicación por escrito da súa empresa informándoo dun cambio na súa xornada e horario laboral por razóns económicas e produtivas. O traballador non está conforme con este cambio na súa relación laboral. Ten dereito neste caso para extinguir o seu contrato?**

- a) Si. Aitor pode solicitar a extinción do seu contrato, pero non terá dereito a indemnización ningunha.
- b) Non. Aitor debe aceptar en todo caso a modificación da empresa dado que está amparada en razóns económicas e organizativas.
- c) Si. Se Aitor resultase prexudicado pola dita modificación, pode optar entre rescindir o contrato percibindo unha indemnización de trinta e tres días de salario por ano de servizo, rateándose por

meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de vinte e catro mensualidades, ou impugnar a decisión ante a xurisdición social.

d) Si. Se Aitor resultase prexudicado por esta modificación, pode optar entre rescindir o seu contrato, percibindo unha indemnización de vinte días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de nove mensualidades, ou impugnar a decisión ante a xurisdición social.

**15 – Unha empresa que conta con trescentos oitenta traballadores está considerando, ante as dificultades económicas que atravesará, introducir certos cambios no aboamento das comisións que perciben no Departamento Comercial, que conta con corenta e cinco empregados. Como se cualificaría esta decisión empresarial?**

a) Trátase dunha modificación de carácter colectivo xa que afecta polo menos a trinta traballadores nunha empresa que conta con máis de trescentos.

b) Trátase dunha modificación individual das condicións de traballo xa que afecta a menos de cincuenta empregados nunha empresa con máis de trescentos traballadores.

c) Trátase de corenta e cinco modificacións individuais de contrato.

d) Non podemos falar de modificacións de contrato ao vir amparadas en causas económicas.

**16 – Á empregada Cecilia a empresa ZZXX notificoulle a data de goce das súas vacacións e non está conforme, polo que considera presentar unha demanda. Pode facelo directamente ante o xulgado do social ou é imprescindible o intento previo de conciliación ou mediación?**

a) Pode facelo directamente xa que o proceso de vacacións non esixe conciliación previa.

b) Debe presentar papeleta de conciliación ante o servizo administrativo correspondente ao ser requisito previo para tramitar estes procesos.

c) Debe presentar reclamación previa en vía administrativa.

d) Para a presentación da demanda é necesario que previamente dirixa escrito á empresa manifestando a súa desconformidade.

**17 – Guzmán e Eugenia, traballadores da mesma empresa, presentan por separado senllas demandas contra esta reclamando un complemento de produtividade previsto no convenio colectivo de aplicación. A primeira demanda foi a de Eugenia e despois presentou demanda Guzmán, recaendo en xulgados distintos. Poden acumularse estas demandas?**

a) Os procedementos de reclamación de cantidade non poden acumularse nunca.

b) Os procedementos poden acumularse de oficio ou por instancia de parte e corresponderá coñecer ao xulgado ao que se repartiú a primeira demanda.

c) Os procedementos poden acumularse e coñecerá o xulgado ao que lle correspondeu a segunda demanda.

d) Os procedementos poden acumularse pero exclusivamente se o piden ambas as partes de común acordo.

**18 – Ana permaneceu en situación de incapacidade temporal durante cento setenta e oito días como consecuencia dun accidente de traballo que determinou que a Inspección de Traballo levantase Acta de infracción de medidas de seguridade e saúde no traballo. Tería dereito a algún incremento sobre a prestación económica percibida?**

a) Non. Só se incrementan as prestacións económicas percibidas por incapacidade permanente, absoluta, total ou parcial.

b) Si, as prestacións económicas aumentaríanse, pero só se finalmente se aprecia un delito contra os dereitos dos traballadores por infracción das normas de prevención de riscos laborais.

c) Si, as prestacións económicas aumentaranse, segundo a gravidade da falta, dun 30 a un 50 por cento.

d) Si, as prestacións económicas aumentaranse, segundo a gravidade da falta, dun 10 a un 30 por cento.

**19 – En relación coa intervención de avogado ou avogada e graduado ou graduada social no proceso laboral, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a) As partes deben estar asistidas ou de avogado ou avogada ou de graduado ou graduada social desde a presentación da demanda.

b) Na xurisdición social é facultativa a intervención destes profesionais.

c) Se o demandante pretende asistir con avogado ou avogada deberá indicalo na demanda. Nestes casos, o demandado necesariamente deberá intervir no procedemento con avogado ou avogada ou con graduado ou graduada social.

d) A intervención destes profesionais terá carácter facultativo na instancia. Con todo, no recurso de suplicación os litigantes deberán estar defendidos por profesional da Avogacía ou representados tecnicamente por graduado ou graduada social colexiado ou colexiada. No recurso de casación e nas actuacións procesuais ante o Tribunal Supremo será preceptiva a defensa de avogado ou avogada.

**20 – Tras a celebración dun xuízo por reclamación de salarios por contía inferior a 3.000 €, pode o xuíz ditar sentenza oral?**

a) Non. No proceso laboral non está previsto o ditado de sentenzas orais.

b) Si. Dado que por razón da contía non procede recurso de suplicación o xuíz poderá ditar sentenza de viva voz ao terminar o xuízo.

c) Si. No proceso laboral sempre que as partes estean presentes é posible o ditado oral de sentenza aínda que por razón da contía ou da materia sexa susceptible de recurso de suplicación.

d) Si. Aínda que soamente se ambas as partes compareceron.

**21 – Mariana recibe a alta médica por esgotamento do prazo de 365 días de prestación de incapacidade temporal. Non conforme coa resolución administrativa decide presentar demanda. É preceptivo o esgotamento da vía administrativa previa?**

a) Si. Mariana debe formular reclamación previa ante a entidade xestora como requisito necesario para presentar a súa demanda.

b) Non. Aínda que en materia de prestacións de Seguridade Social é requisito necesario para formular demanda a presentación de reclamación previa, exceptúanse os procesos de impugnación de alta médica por esgotamento do prazo de duración de trescentos sesenta e cinco días de incapacidade temporal.

c) Non. Aínda que en materia de prestacións de Seguridade Social é requisito necesario para formular demanda a presentación de reclamación previa, exceptúanse os procesos de impugnación de alta médica sexa cal for a súa causa.

d) Si. Mariana debe presentar reclamación previa fronte á entidade xestora e fronte ao servizo médico asinante da alta.

**22 – Durante unha vista, Luz, avogada da empresa DDZZ, propón como proba a reprodución no acto da gravación dunhas imaxes tomadas no centro de traballo sen coñecemento nin consentimento do persoal da empresa. Manuel, avogado do traballador, non está de acordo. Como debe proceder se entende que existe vulneración dun dereito fundamental?**

- a) Se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, deberase formular protesta formal, unha vez que sexa admitida polo órgano xudicial.
- b) Se se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, se é o caso, practicar proba, resolverá no acto. Contra esta resolución non cabe recurso.
- c) As cuestións relativas a vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas na obtención das probas no proceso laboral é cuestión que deberá suscitarse no momento de anunciar recurso de suplicación.
- d) Se se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba, e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, se é o caso, practicar proba, resolverá no acto. Contra esta resolución só caberá reposición que se resolverá oralmente.

**23 – Ricardo recibe carta de despedimento da empresa AABB fundada en motivos disciplinarios e acode a Sira, a súa avogada, porque quere impugnar xudicialmente a decisión empresarial. Cal é o prazo para presentar a demanda?**

- a) O traballador poderá reclamar contra o despedimento dentro dos vinte días hábiles seguintes a aquel en que se produciu.
- b) O traballador dispón de vinte días naturais para presentar demanda.
- c) O traballador ten un prazo de prescrición dun ano para presentar demanda impugnando o despedimento
- d) Ao ser un despedimento disciplinario dispón de trinta e tres días para presentar demanda.

**24 – Eva impugnou xudicialmente a decisión empresarial de modificación substancial de condicións de traballo consistente en traslado de centro de traballo con cambio de residencia amparada en causas obxectivas. Tras a tramitación do procedemento, recibe notificación de sentenza que declara xustificada a dita decisión. Que consecuencias ten este pronunciamento?**

- a) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial determina a obrigaón de Eva de aceptar o traslado de centro de traballo con cambio de residencia.
- b) A traballadora poderá solicitar ser reposta nas súas condicións anteriores de traballo.
- c) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial recoñecerá o dereito de Eva a extinguir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de trinta e tres días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de quince mensualidades, concedéndolle para o efecto o prazo de quince días.
- d) A sentenza que declare xustificada a decisión empresarial recoñecerá o dereito da traballadora para extinguir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de vinte días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de doce mensualidades, concedéndolle para o efecto o prazo de quince días.

**25 – O proceso de conflito colectivo...**

- a) Ten natureza ordinaria.
- b) Ten carácter urxente. Ademais a preferencia no despacho destes asuntos será absoluta sobre calquera outro, salvo os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- c) É un proceso urxente e preferente respecto doutros, salvo os de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas e os de conciliación de vida persoal, familiar e laboral.
- d) É un proceso urxente pero non preferente.

## Preguntas de reserva

**1 – En materia de recursos no proceso laboral sobre impugnación de sanción, cal das seguintes respostas é a correcta?**

- a) Non procederá recurso de suplicación, entre outros, nos procesos relativos a impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave non confirmada xudicialmente.
- b) Nos procesos de sanción non cabe recurso de suplicación.
- c) Só procede recurso de suplicación nos procesos de sanción cando se trata de falta cualificada como moi grave.
- d) Nos procesos relativos a impugnación de sanción sempre cabe recurso de suplicación.

**2 – Jordi obtivo unha sentenza favorable fronte ao Concello para o que vén prestando servizos laborais desde hai vinte anos. A pesar de que transcorreron varias semanas desde a súa firmeza, a Entidade Local non procede a cumprir o resolto. Pode Jordi acudir ao xulgado para solicitar a execución forzosa?**

- a) Unha vez alcance firmeza a sentenza, a parte interesada pode en calquera momento solicitar a execución forzosa ao xulgado.
- b) É o órgano xudicial quen en sentenza indicará, en todo caso, o prazo co que conta a Administración ou Entidade pública demandada para executala.
- c) Salvo que se fixase outro prazo diferente, con carácter xeral as sentenzas ditadas fronte a entes públicos deberán levarse a efecto pola Administración ou Entidade dentro do prazo de catro meses a partir da súa firmeza. Só transcorrido este prazo poderá a parte interesada solicitar a execución.
- d) Salvo que se fixase outro prazo diferente, con carácter xeral as sentenzas ditadas fronte a entes públicos deberán levarse a efecto pola Administración ou Entidade dentro do prazo de dous meses a partir da súa firmeza. Só transcorrido este prazo poderá a parte interesada solicitar a execución.